



Materiais para a COEDUCACIÓN | 3

MULLERES NA VANGARDA Tras a pegada das pioneiras galegas





© Carme Vidal Lage

Edita: AS-PG, CIG Ensino
Rúa Laracha, 9. 15010 A Coruña

ISBN 978-84-949659-3-7

Índice

Presentación	5
Mulleres na vangarda: tras a pegada das pioneiras galegas	7
1. Introducción: desvelar os nomes das que abriron camiños	9
2. Modernas e revolucionarias: mulleres «avant la lettre»	17
3. Mestras para a renovación pedagóxica	33
4. Científicas de primeira hora	41
5. Mulleres resistentes e loitadoras	49
6. As artistas atravesan o ámbito público	61
Bibliografía	71

Presentación

Desde a CIG-Ensino e a AS-PG achegamos o material *Mulleres na vangarda. Tras a pegada das pioneiras galegas* seguindo a nosa liña de traballo a prol da coeducación. Nesta ocasión quixemos contribuír ao coñecemento e posta en valor de mulleres galegas que, agás casos contados, non recibiron o recoñecemento que mereceron polo feito de seren mulleres. Esta entrega súmase a outros traballos sobre coeducación e igualdade que ben en formato de curso a distancia, de xornadas de formación, de libro, de campañas de sensibilización, ou de secuencias didácticas, levamos xa anos organizando e divulgando entre o profesorado.

Este material foi contido dun curso a distancia no que se facía un achegamento a mulleres galegas que foron pioneiras en distintos ámbitos; desde a escritura ao activismo político, desde a arte á pedagogía ou á ciencia.

A autora do traballo é a xornalista Carme Vidal Laxe.

Esperamos que a aproximación a estas pioneiras sirva para que desde o ensino poidamos achegar afectivamente e dar a a coñecer entre o alumnado estas silenciadas mulleres galegas.

Mulleres na vangarda: tras a pegada das pioneiras galegas

Abriron camiños, adiantáronse ao seu tempo e romperon as barreiras que as limitaban. Son pioneiras, as primeiras que optaron por profesións só visitadas por homes, as que decidiron ser libres, as rebeldes diante do futuro que se prevía para elas.

Achegámonos agora a algunhas das traxectorias de mulleres que responden a este modelo, o da vangarda, as modernas que se atreveron a deixar atrás as normas machistas e conservadoras para defender a súa maneira de estar no mundo, con voz propia, decidindo o destino das súas vidas.

Moitos son os ámbitos en que poderíamos procurar as primeiras mulleres que os transitaron mais optamos por algúns especialmente relevantes e neles procuramos biografías extraordinarias pola súa ousadía e valentía.

Partimos así daquelas estudosas e iniciativas que botaron luz sobre as súas historias, fundamentais para recoñecer o seu papel esquecido. Nos últimos anos, varios proxectos fitaron nestas mulleres atrevidas e contribuíron a difundir as súas traxectorias e a eles nos remitimos como eixos fundamentais dunha reivindicación necesaria.

Avanzaremos despois para nos atopar con algunhas figuras singulares pola súa modernidade, mulleres «avant la lettre» como Amparo Alvajar, M^a Luz Morales ou María Casares que resultan, aínda hoxe, sorprendentes pola súa condición de transgresoras da orde imposta.

A renovación pedagóxica tivo, en moitas ocasións, protagonismo feminino e queremos recuperar, en especial no ámbito do ensino, o papel que desenvolveron aquelas mestras que quixeron darlle unha volta ao ensino e apostaron pola igualdade, a xustiza e a modernidade desde as aulas. Na ciencia e nas artes atopamos igualmente biografías sorprendentes pola súa valentía en tempos nos que das mulleres se agardaba que responderan ao modelo imposto de «anxo do fogar», terminoloxía moi propia do ideario franquista. Para completar, visitaremos as vidas de mulleres loitadoras por un mundo mellor, máis xusto e libre, pola democracia e os dereitos dos pobos, militantes e combatentes que desapareceron tamén do relato da historia.

Fican moitos ámbitos por visitar, espazos en que algunhas mulleres se esforzaron por defender os seus dereitos e para iso tiveron que se enfrontar a situacións moi adversas; ámbitos reservados para homes nos que elas entraron e abriron os camiños polas que hoxe as mulleres transitan con máis facilidade, aínda que sigan atopando pedras no camiño.

Despois deste primeiro achegamento, continuaremos difundindo e homenaxeando ás mulleres ás que tanto debemos porque rozaron as vías e facilitaron que hoxe camiñemos máis lixeiro.



1. Introducción: desvelar os nomes das que abriron camiños

«Tras a pegada das pioneiras: mulleres na vangarda» quere difundir o papel das que abriron camiños, das primeiras que introduciron nomes femininos en ámbitos até entón pechados ás mulleres ou das que destacaron en certos campos de actuación que foron de especial transcendencia para a construción dunha sociedade máis igualitaria.

Para que as mulleres entraran en espazos ocupados maiormente por homes tivo que haber pioneiras que rozaran as corredeiras, que deixaran ocos abertos polos que se adentrar máis mulleres, co camiño xa andado por elas. Este proxecto busca desvelar os nomes e as loitas de tantas mulleres que foron á cabeza, que se converteron en pioneiras en ámbitos de actuación de difícil acceso para o xénero feminino.

Contra a historia que trataba de recluír as mulleres no ámbito doméstico e deixalas fóra do público, queremos recuperar as biografías das modernas e revolucionarias, mulleres que, como Maruxa Mallo ou Amparo Alvajar, decidiron romper coas estritas normas reservadas ao seu xénero e dar pasos adiante na loita pola súa liberdade. Trátase dunha historia colectiva, claro está, na que o papel do movemento feminista foi fundamental á hora de subir chanzos na igualdade, mais agora queremos recuperar os seus nomes, presentar esas biografías que quedaron ás marxes, que romperon fronteiras e se converteron nas primeiras en poñerse á fronte cunha actitude moderna e revolucionaria en tantos aspectos.

Con este fin, escollemos algúns ámbitos de actuación profesionais como o científico, o pedagóxico, o xornalístico ou o artístico para dar a coñecer as figuras daquelas mulleres cun relevante papel en cada un deles mais infelizmente non coñecidas nin recoñecidas na súa xusta medida. Nesta altura do século XXI, as mulleres seguen sen protagonizar, agás excepcións, exposicións individuais en centros de arte, poucas son as que dirixen ou están nos postos de maior responsabilidade nos medios de comunicación, unha porcentaxe moi inferior ás premiadas polos seus logros científicos. Procuraremos as precursoras para contribuír a situalas no relato de cada unha das disciplinas, achegando biografías nomeadamente descoñecidas e, polo tanto, sorprendentes, co fin de rematar co silencio sobre a súa memoria.

Optouse así por dar a coñecer mulleres de áreas en que, por distintas razóns, ficaron nas marxes, con máis dificultade para daren a coñecer os seus traballos e, desta volta, prescindimos do ámbito literario, que, malia precisar dunha análise de seu en canto a presenza de mulleres en determinados aspectos como, por poñer un caso, os premios literarios si se conseguiu unha maior visibilidade para algunhas delas, en especial, para esa grande figura que está considerada a fundadora da literatura contemporánea galega como é Rosalía de Castro, a muller que inaugura no 1963 a primeira celebración do Día das Letras Galegas.

Centrámonos principalmente, polo tanto, en biografías que percorren o século XX, un tempo de desenvolvemento e de loita polas liberdades e dereitos das mulleres e de organización dos distintos colectivos feministas. Pensemos tamén que habería que agardar a inicios deste mesmo século, ao ano 1901, para que unha muller obteña por vez primeira o título de licenciatura na Universidade de Santiago de Compostela na facultade de Farmacia, institución que supera xa os cincocentos anos, sendo a única na altura na Galiza.

Con este obxectivo, varios son os materiais imprescindíbeis co fin de difundir biografías femininas nos distintos ámbitos de actuación. A recuperación da historia das mulleres galegas constrúese fundamentalmente grazas a un traballo voluntario de investigadoras que, como Aurora Marco ou Carme Blanco, inauguran tamén novas vías de estudo e difusión de especial relevancia para rematar co silencio sobre figuras fundamentais esquecidas.

Canda a investigación individual, algúns proxectos colectivos están a resultar fundamentais á hora de incorporar ás mulleres ao relato da nosa historia. O Álbum de Mulleres da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, o proxecto A Memoria das Mulleres do Concello de Pontevedra ou iniciativas editoriais centran a súa ollada nas biografías de mulleres que, cando saen á luz, sorprenden ao descubrir os mecanismos que as esqueceron durante tanto tempo.

Achegámonos, pois, a algunhas destas iniciativas de especial interese:

Álbum de Mulleres da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

A Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, creada en 2005, puxo en marcha o Álbum de Mulleres, unha páxina aloxada no portal <http://www.culturagalega.org> que ten como obxectivo difundir a biografía de mulleres galegas e darlle visibilidade á historia do movemento feminista de Galiza, en especial, a través do importante labor de recuperación da súa documentación á que se lle dedicaron iniciativas como xornadas de estudo e encontro. A dixitalización é outra das facetas deste traballo que nos achega importantes materiais desde a Hemeroteca Feminista Galega. A Saia (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca_feminista_galega/).

A tal altura o Álbum leva publicadas xa 145 fichas biblio-biográficas de mulleres galegas ás que se incorporan, ademais do perfil da historia de vida de cada unha delas, importante documentación como imaxes, textos, vídeos ou cartas.

álbum de mulleres
Qué é o Álbum?

Biobibliografías:
Por orde alfabética
Por ámbitos de ocupación
Busca libre: ?

Liñas do tempo
Especiais
Xornadas
Cartografías
Bibliografía
Ligazóns
Agradecementos

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade
xenere@consellodacultura.org
+34 981 957 202

Luísa Villalta Gómez
Escritora e violinista, destacou pola forza da súa voz e polo seu compromiso social.

¿Que é o Álbum de Mulleres?
Un centro de documentación dixital para divulgar e investigar as contribucións das mulleres á sociedade e cultura galegas.

Liñas do tempo

Mulleres e a Memoria Histórica

Recentemente, o CCG decidiu incorporar o Álbum de Mulleres no Álbum de Galicia mais, de todas maneiras, nas búsquedas dixitais aínda se pode ter acceso a unha iniciativa que quedou arquivada xa que as novas biografías xa pasan directamente ao conxunto de perfís de homes e mulleres galegas.

No seguinte texto recóllese a presentación oficial do *Álbum de Mulleres*:

Un centro de documentación dixital en elaboración permanente

O Álbum de mulleres é un proxecto da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Esta elabora vías e medidas que desde un enfoque de xénero permiten pór en valor e dar visibilidade ás contribucións das mulleres en todos os ámbitos de relacións sociais. O Álbum de mulleres navega na rede de internet desde o dous de decembro de 2005 e o núcleo que lle dá forma desenvólvese co establecemento dunha relación de colaboración continuada entre a citada Comisión e o portal culturagalega.org., ten como principais obxectivos recuperar e facilitar progresivamente o acceso á información, datos, voces, imaxes, escritas, traballos e traxectorias de mulleres galegas e/ou relacionadas con Galicia. Configúrase como un centro de documentación dixital que ten a intención de ser de utilidade en dous niveis: un, de divulgación máis xeral e empregable como fonte de referencias informativas básicas; e outro que de forma máis concreta poida ser empregado como ferramenta de traballo en ámbitos especializados de investigación, ensino, etc. Configúrase e reconfigúrase con: Unha galería biobibliográfica que se incrementa quincenalmente, achega relacións e producións de mulleres, e está composta de arquivos fotográficos, pictóricos e sonoros, documentos, textos e comentarios mais ou menos recentes e de diferente autoría. Liñas do tempo que se revisan anualmente e nas que se recollen de forma cronolóxica e en tres niveis (Galicia, Territorio español e Mundo) acontecementos e datas relevantes facendo fincapé nas referencias de e sobre mulleres. Especiais nos que se abordan diferentes temas en profundidade e se incorporan e amplían arredor de datas conmemorativas e acontecementos de especial relevancia. Xornadas recollen os materiais derivados deste tipo de eventos organizados pola Comisión de Igualdade do CCG. As Cartografías recollen un

tratamento documental en profundidade de mulleres concretas en razón de unha por ano. En Bibliografía, recóllense todas as referencias consultadas na elaboración das biobibliografías. Ligazóns agrupa en diferentes categorías referencias de diferentes páxinas web que son revisadas e ampliadas periódicamente. Recóllense en Agradecementos os nomes de persoas, arquivos e bibliotecas, institucións, organizacións, publicacións e editoriais que colaboran de forma desinteresada na elaboración do Álbum de mulleres.

Un dicionario para as mulleres galegas



En 2007 saía publicado o *Dicionario de mulleres galegas. Das orixes a 1975* de Aurora Marco, unha obra publicada por Edicións A Nosa Terra nunha primeira edición que contou co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia do goberno da Xunta. A obra supón un importante paso adiante na visibilización da historia das mulleres en tanto que recolle 1.800 fichas biográficas entre as que se atopan escritoras, actrices, arquitectas, profesoras, sindicalistas, exiliadas, guerrilleiras, científicas ou deportistas. Ademais, nas súas case seiscentas páxinas, o Dicionario inclúe tamén trece apéndices con nomes de mulleres clasificado polas súas actividades en distintos campos.

A autora asina o Dicionario despois de se ter iniciado na investigación da historia das mulleres con obras como *As precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936)*, (1993, La Voz de Galicia? ou *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*, (2002, Edicións do Castro). Recollemos un fragmento do limiar da obra, asinado pola propia Aurora Marco:

«As centurias de silencio imposto pola tradición patriarcal, o descoñecemento, a invisibilidade da presenza feminina no mundo do traballo, no mundo cultural, político e económico, acrecentados polos corenta anos de ditadura, de negación das liberdades, de escuridade e volta aos papeis tradicionais –após as conquistas logradas na etapa da República–, explican a dificultade para acometer un proxecto como este, porque cando sobreviviron en papel impreso a ese pasado oculto que caracteriza as historias de vida femininas, foi na maioría dos casos a través de datos fragmentarios, de sinxelas anotacións que imposibilitan, cando menos a esta altura, ofrecer a lectoras e lectores perfís biobibliográficos máis completos: historiadores, académicos, recompiladores, sistematizaron os seus traballos do punto de vista masculino e as mulleres ficaron relegadas a un plano secundario e inmerecido. Porén, cumpría facer un dicionario do feminino. Cumpría desvelar o legado das galegas, recatar a herdanza cultural que foron quen de crear nos pasados séculos, co obxectivo de reivindicar o seu peso histórico e dotar de instrumentos metodolóxicos a área de Estudos sobre as Mulleres en Galicia, sobre todo cando se constata que historias, dicionarios temáticos, enciclopedias, inclusive recentes, continúan a perpetuar a súa discriminación, a súa exclusión social».



A memoria das mulleres, proxecto pioneiro no Concello de Pontevedra

En 2013 o Concello de Pontevedra botaba a andar o ambicioso proxecto *A memoria das mulleres*, co daquela concelleiro de Patrimonio Histórico, Luís Bará á fronte, o mesmo que, desde o anterior cargo de Director Xeral de Creación e Difusión Cultural organizou as primeiras homenaxes institucionais ás mulleres represaliadas despois do golpe militar de 1936. *A memoria das mulleres* naceu co obxectivo de rescatar do esquecemento a historia das mulleres de Pontevedra facendo especial fincapé na recuperación da memoria oral e das mulleres traballadoras.

Con varios eixos de traballo, o proxecto quería construír un fondo documental, non só gráfico senón tamén audiovisual de maneira cooperativa co fin de crear unha enciclopedia virtual da historia das mulleres coa participación directa dos centros educativos do concello. Encuentros, xornadas formativas, conferencias, ciclos audiovisuais, roteiros temáticos, homenaxes como a que se tributou á mestra Ernestina Otero ou o máis recente a Amalia Álvarez Gallego ou a biografía de Virxinia Pereira de Montse Fajardo foron algunhas das actividades do proxecto que conta coa colaboración especial de seis centros escolares de ensino primario e secundario nos que se desenvolveron traballos de investigación e de recollida de materiais, fotografías e entrevistas entre outros.

Froito da iniciativa naceron a exposición e o libro *Do gris ao violeta. Achegas á historia das Mulleres de Pontevedra*, un percorrido a través do tempo no que as mulleres son as protagonistas, das artistas ás palilleiras, das comerciantes ás traballadoras do mar, das prostitutas ás escritoras.

<https://www.facebook.com/amemoriadasmulleres>

Para unha historia con todas as cores, de Luís Bará

Vítimas dun sistema que as condenou durante séculos á submisión e á dependencia, que as recluíu nos recantos máis escuros do tempo, as mulleres seguen sufrindo hoxendía a exclusión da invisibilidade nos discursos históricos.

Nos libros non tiveron lugar de seu as innovadoras e pioneiras da Idade Media, as heterodoxas e rebeldes dos tempos modernos, as que cultivaron as artes e as letras na época contemporánea, as que romperon as imposicións e entraron nas aulas do bacharelato e a universidade no século XX. Tampouco tiveron espazo propio as empresarias, as traballadoras, as artesás, as proletarias do campo, do mar e da cidade, as emigradas... mulleres de coraxe e de labor que ficaron recluídas no silencio, no anonimato.

Ou todas as que se comprometeron coa causa da liberdade, cos ideais de progreso e igualdade, con Galiza e a República, e que foron perseguidas, aldraxadas, sinaladas, recluídas nos cárceres e nas cadeas da Ditadura, durante décadas. E que despois ficaron encerradas no esquecemento, nunha memoria apenas pronunciada no interior das casas.

Mais toda esa historia, toda esa memoria vizosa e valente estaba aí, agardando. E agora emerxe poderosa e fecunda en imaxes e documentos, en textos que reflicten as caras ocultas, as voces silenciadas, os nomes rotos, os feitos postergados. E tamén os corpos ousados, as mans fortes, as palabras audaces, as mentes lúcidas, creativas, insubmisas.

Todo para cumprir unha arela de coñecemento e recoñecemento, mais sobre todo de Verdade, para que o pano da Historia se ilumine con todas as cores, do gris ao violeta».

Luís Bará, Concelleiro de patrimonio histórico de Pontevedra.
Limiar ao libro *Do gris ao violeta* (Concello de Pontevedra, 2015)

Iniciativas editoriais que descubren mulleres

Colección *Mulleres de A Nosa Terra*

A comezos de século nacía en Vigo unha iniciativa ambiciosa e pioneira no mundo editorial. Trátase da colección *Mulleres de A Nosa Terra*, uns libros de pequeno formato coidadosamente editados que recollían biografías de mulleres galegas. María Casares e Maruxa Mallo foron as protagonistas dos dous primeiros volumes dun proxecto no que se publicarían tamén as obras *Diarios* de Syra Alonso, *Cárcere de Ventas*, de Mercedes Núñez, a biografía de Carolina Otero de Marga do Val ou a biografía de Placeres Castellanos de Elsa Quintas.

A editorial Baia lanzou tamén a colección *As mulleres na historia* con varios títulos que nos achegan ao labor das pioneiras como son *Tres mulleres galegas de armas tomar* de Guillermina Domínguez e Felicia Estévez ou o volume *María Barbeito. Unha vida ao servizo da escola e dos escolares (1880-1970)* de Ana Romero.

Máis recentemente, a editorial Galaxia botou a andar a colección *Feminismos* con títulos como *Mulleres que (nos) dan que pensar* no que Africa López Souto nos achega os perfís dunha mancha de mulleres con relevantes traxectorias e maiormente descoñecidas.

Mención especial merecen as revistas *Festa da Palabra Silenciada* e *Andaina* que publicaron na súa historia distintos números, algúns con carácter monográfico, encamiñados a recuperar a memoria das mulleres pioneiras en distintos ámbitos.

Novos proxectos editoriais de difusión para público infantil

Dúas coleccións, dirixidas ao público infantil, teñen como obxectivo difundir a biografía e traxectorias de destacadas mulleres galegas.



Por unha banda, Urco Editora presentou, no fin do 2016, a súa colección *Mulleres bravas da nosa historia*. Trátase de cadernos que teñen como obxectivo visibilizar mulleres que destacaron en distintos ámbitos que nacen despois dunha campaña de micromecenado.

Ademais da biografía da protagonista, o caderno inclúe un cadro cronolóxico e máis de oito páxinas de actividades de carácter pedagóxico destinadas ao público lector infantil.

Coordinado por Andrea Jamardo Seijo, de Urco Editora, e con ilustracións de Eva Agra, o proxecto conta cun comité de asesoras formado por Patricia Porto Paderne (educadora social e libreira experta en xénero) e Mariám Mariño (Técnica da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega).

Polo de agora, viron a luz os cadernos dedicado a Rosalía de Castro con textos de María Lado, o de María Victoria Moreno, da autoría de Eli Ríos, Maruja Mallo de Elvira Ribeiro, Pepa a Loba por Leticia Costas, Rosalía de Castro por Eva Agra e Xulia Minguillón por María Reimón-dez (Máis información na web <http://urcoeditora.com/categoria-producto/infantil/mulleres-bravas-da-nosa-historia/>)

Tamén no ano 2016 inicia o novo selo Lela Edicións a publicación da súa colección *Mulleres galegas*, que bota a andar cun primeiro número dedicado á científica e oceanógrafa Ángeles Alvariño e titulado *Un Ronsel de Ardora. Co sorriso nos beizos*, biografía de Daría González por Joanna Lorenzo, *Meiga Nova, metade anxo, metade marisco* sobre Maruxa Mallo de Mauricio, Enrique e Taboada, Carlos, *Unha historia de amor* arredor de María Victoria Moreno de Joanna Lorenzo Montero, *Semente de Igualdade, semente de liberdade* de Enrique Mauricio que achega a biografía de Ernestina Otero, *O valor das ideas. A precursora do libro electrónico* da figura de Angela Ruíz por Arantxa Serantes e *Unha casiña branca na Mariña* na que Carlos Álvarez asina a biografía de Filomena Dato.

Tamén especialmente destinado a público infantil e xuvenil recoméndanse os dous volumes da autoría de Anaír Rodríguez Rodríguez con ilustracións de Nuria Díaz titulados *Pioneiras. Galegas que abriron camiño* que recolle os perfís de mulleres «reais e diversas que no seu día foron pioneiras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor».

2. Modernas e revolucionarias: mulleres «avant la lettre»

A casa, a familia, o ámbito privado, en definitiva, foi o espazo tradicionalmente destinado ás mulleres ás que se vía furtada a súa formación e o desenvolvemento en oficios e actividades reservadas só para os homes. Estudar na Universidade, facer deporte, traballar como médicas ou arquitectas ou mesmo asistir soas a espectáculos ou a cafeterías foron logros que hoxe nos parecen naturais mais que supuxeron riscos e valentía por parte de moitas mulleres que se atreveron a traspasar as barreiras e abrir novos camiños que as xeracións seguintes transitarían con máis fluidez.

Mulleres como «anxos do fogar», dedicadas á casa e á familia, mentres os homes avanzaban nas súas profesións e na súa actividade no espazo público conformaron dous modelos diferenciados que só a loita das propias mulleres fixeron por mudar e que, no noso ámbito, se viron endurecidas polas normas impostas polo réxime franquista e o seu brazo da Sección Feminina.

Achegámonos, neste sentido, a algunhas figuras que viviron por diante do seu tempo, que abriron as primeiras portas en moitos dos ámbitos negados para as mulleres e que construíron biografías persoais e sociais audaces que hoxe é preciso descubrir e valorar na súa condición de pioneiras.

Malia centrar os obxectivos fundamentalmente en mulleres con biografías que se produciron ao longo do século XX, por obriga temos que nos referir, en calidade de antecedentes desta revolución que se produciría ao longo do pasado século, a tres galegas de especial relevancia no tema que nos ocupa, Rosalía de Castro (1837- 1885), Concepción Arenal (1820-1893) e Emilia Pardo Bazán (1851-1921).

Fundadora da literatura contemporánea galega, ningún nome pode responder de forma tan sólida á condición de pioneira como o de Rosalía de Castro. «Yo soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos, y ellos son la ley que rige mi destino», escribiu en *Lieders*, publicado en Vigo en 1858 que é, en si mesmo, un manifesto feminista «avant la lettre». A través dos seus textos atopamos unha escritora que defende e loita polos dereitos das mulleres, cunha condición de avanzada que se manifesta tamén no uso da lingua e na defensa das clases popu-

lares. «...ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud», anota no citado *Lieders*, texto inaugural do feminismo teórico galego, no que a autora reclamaría un espazo propio para a creación.

De crucial relevancia da autora para o tema que nos ocupa é o ensaio: *Las literatas. Carta a Eduarda*, publicado no Almanaque de Galicia de Lugo no 1865. Trátase dunha defensa do oficio e o espazo das escritoras, no sentido do concepto de referencia feminista «cuarto propio» que Virginia Woolf acuñaría en 1929, case sesenta e cinco anos despois. «Pero sobre todo, amiga mía, tú no sabes lo que es ser escritora. Serlo como Jorge Sand vale algo; pero de otro modo, ¡qué continuo tormento!; por la calle te señalan constantemente, y no para bien, y en todas partes murmuran de ti», escribe nese documento de reivindicación da condición de autoras para as mulleres. Será esta unha faceta da que son herdeiras as xeracións de escritoras que virían detrás de Rosalía, un fito galego e universal considerado crucial na transformación da imaxe das escritoras e na modernidade da historia da literatura galega.



Concepción Arenal e Pardo Bazán coa educación das mulleres

Outro dos nomes de vangarda con traxectoria vital no século XIX é Concepción Arenal, nacida en Ferrol en 1820 foi unha recoñecida penalista e pioneira en socioloxía. Comprometeuse coa necesidade de educación das mulleres como deixou escrito no libro *La mujer del porvenir*, publicado en 1869. A través do xornal *La Voz de la Caridad*, o seu discurso faise añado na crítica da corrupción nos cárceres e nos sistemas de caridade. Exerceu como visitadora de prisións de mulleres na Coruña e inspectora da Casa de Corrección de Mulleres. A súa obra *Historias de guerra* (1871) nace da súa experiencia como Secretaria Xeral da Cruz Vermella de Madrid acompañando ás tropas á fronte de Miranda do Ebro na terceira guerra carlista.



A súa condición de avanzada apréciase con claridade no ensaio *La emancipación de la mujer en España* no que critica as dificultades das mulleres para decidir sobre o seu propio destino. Non cabe dúbida de que Concepción Arenal foi no seu pensamento, no seu feminismo e na defensa da educación para as mulleres e as oportunidades profesionais en igualdade, unha muller adiantada ao seu tempo.

«Aspiro a que recoñezades que a muller ten destino propio e que a súa felicidade e dignidade persoal ten que ser o fin esencial da súa cultura e que, por consecuencia, estea investida do mesmo dereito á educación que o home»

defendía Emilia Pardo Bazán no Congreso Pedagóxico de 1892 en que reivindicaba o acceso ao ensino oficial, a todas as carreiras e a o desempeño das mesmas profesións que exercían os homes.

Cunha procedencia de clase alta e tradicional, Emilia Pardo Bazán é, malia esa orixe, unha muller avanzada que recibe desde nova unha completa formación en distintos ámbitos e sería, ao igual que Concepción Arenal, firme defensora da educación das mulleres. A súa condición de atrevida opinadora levouna a sufrir ataques e acusacións. Foi, entre outras cousas, a primeira muller de todo o Estado correspondente en cidades como Roma, Venecia ou París. Converteuse Pardo Bazán mesmo en propagandista das ideas feministas e mesmo transgresoras e demostrou, coa súa propia biografía, a posibilidade de vivir fóra dos modelos de sometemento que se agardaban dunha muller entre burguesa e aristocrática coma ela.

Testemuña das loitas sufraxistas en Inglaterra ou da creación do Partido Bolxevique en Rusia foi a galega Sofía Casanova (A Coruña 1861-Poznan 1958) que traballou como xornalista para o diario *ABC*, converténdose, despois de Carmen de Burgos, na segunda muller correspondente no estranxeiro do Estado Español. A súa sinatura, ademais da intensa presenza en *ABC*, aparecerá en multitude de cabeceiras como son *La Época*, *El Mundo*, *El Imparcial*, *Galicia* ou *El Liberal*. No entanto, Sofía Casanova tomou claramente partido por Franco no momento do golpe militar aínda que tamén criticou o réxime nazi pola súa actuación no gueto de Varsovia de persecución dos xudeus.

Mais será no século XX cando moitas mulleres se rebelen contra os límites impostos e resoltan transgredir as normas con valentía. Apostar por unha formación académica, adiantarse en profesións até entón reservadas para homes, mudar as ríxidas vestimentas que ocultaban o corpo e mesmo a cabeza ou ocupar espazos públicos son algúns dos elementos destas mulleres rebeldes que visitaremos neste tema coa epígrafe de «modernas e revolucionarias».

Pensemos que, no marco da política estatal, en outubro de 1931 tería aínda lugar o intenso debate que remataría por conceder o voto ás mulleres. Clara Campoamor converteuse na defensora do sufraxio universal nun debate no que mesmo topou en contra a Victoria Kent, deputada tamén na altura, que se ausentou no momento da votación. Con 161 votos a favor e 121 en contra, a proposta foi aprobada mais en decembro dese mesmo ano foi presentada unha emenda encamiñada a reducir o voto das mulleres ás eleccións municipais que tampouco saíu aprobada mais, desta volta, só por catro votos de diferenza.

A condición de «moderna» en sentido estrito como unha maneira de estar e ser que atravesaba vida e obra atoparémola, anos despois, en figuras como a artista Maruxa Mallo que cunha confianza na súa obra de vangarda decide «asaltar» o mundo artístico e intelectual sen pedir permiso, como ela dicía, tirando o chapeu da súa cabeza como símbolo dun tempo vello no que ela xa non quería participar. Estudou na Escola de Arte de San Fernando, participaba en tertulias exclusivas até entón para o xénero masculino, saía de noite cos seus amigos, viaxou a París para estudar e promocionar a súa obra, era deportista, mantiña relacións con homes e

andaba en bicicleta polas rúas e liberou a súa vestimenta dos rigores do momento. A súa é, sen dúbida, a figura e a biografía dunha transgresora que interesa de maneira especial para mostrar esa rebeldía promovida por certas mulleres que fixo que, canda elas, todas avanzaran. Mais, a pesar de recoñecela como moderna en sentido estrito e merecedora de encabezar este tema, a Maruxa Mallo deixámola para o apartado de artistas, polo que significou tamén de vangarda no ámbito das artes plásticas.

A seguir, recolleremos, pois, apuntes biográficos dalgunhas das mulleres que responden a esa condición de modernas. A tradutora, autora teatral e funcionaria internacional Amparo Alvajar, a xornalista M^a Luz Morales, a única muller que participou na fundación das Irmandades da Fala, Micaela Chao, a actriz María Casares ou Elisa e Marcela, protagonistas do primeiro matrimonio entre mulleres, están, por méritos propios nunha listaxe que podería incluír outras moitas máis que seleccionamos en virtude das súas intensas e reveladoras vidas.

M^a Luz Morales, a grande dama da prensa



A biografía de M^a Luz Morales sorprende aínda máis polo seu descoñecemento. Natural da Coruña onde naceu en 1898, o seu convertírase nun nome de referencia en distintos ámbitos literarios e xornalísticos, de maneira especial como crítica cinematográfica e teatral e tamén o título que máis pesaría no seu paso á historia, o de primeira muller que dirixiu un xornal diario en todo o Estado español con máis de medio século de dedicación profesional aos medios de comunicación.

Son milleiras as páxinas asinadas por M.^a Luz Morales, tanto no seu quefacer xornalístico (no que visitou xéneros anovadores como a crítica de cine) como literario ou ensaístico. Como «traballadora infatigábel» aparece definida na Enciclopedia Espasa nunha edición anterior a 1936 e o volume da súa obra xustifica esa condición. A súa carreira xornalística comeza cedo, con pouco máis de vinte anos, xa na cidade de Barcelona, onde se instalaría a súa familia e onde desenvolvería toda a súa formación, sen por iso desvencellarse da Galiza de orixe.

A sinatura de M.^a Luz Morales aparece en primeiro lugar nas páxinas da revista *El Hogar y la Moda*, que dirixirá en 1923, para pasar a colaborar deseguido na cabeceira *La Vanguardia*, na que formará parte da súa redacción e se converterá, anos despois, na súa directora. Serán tempos en que a xornalista desenvolva a súa obra en distintas revistas e publicacións como *Films Selectos*, *Mediterráneo*, *Lecturas* e, tempo despois, en *Imatges*, *Semanari Gràfic d'actualitat*. Tamén a prensa madrileña coñecerá o seu traballo e, así, en *El Sol* faise cargo da sección «La mujer, el niño y el hogar». Desde 1928 forma parte da Asociación de Xornalistas de Barcelona pero en 1939 será apartada de xeito drástico da profesión. Acúsana de ter sido directora de *La*

Vanguardia no tempo que vai de xullo de 1936 a febreiro de 1937, cando un comité de traballadores elixe á única muller da redacción para poñerse á fronte da publicación. Morales non só é retirada do seu traballo senón tamén encarcerada (estaría en prisión arredor de corenta días) nun tempo de represión no que a información estaba no punto de mira.

«Un episodio desta xa tan longa vida xornalística, cruzada por tantos avatares do que nin me arrepiño nin me envaidezo. Un simple acto de servizo (si, difícil e espiñento, é certo) ao que era o meu xornal. Se nalgún momento puideron, desde este cargo, evitar males maiores, ese sería o meu mellor recordo. Tamén o da xente boa que niso me axudou. Aínda que, para ser sincera, os tempos de guerra non deixaron lembranzas senón feridas»

explica nunha entrevista, xa de idade avanzada, que recolle M.^a Luisa Favá. Unha das máis fortes sería, claramente, o seu afastamento da prensa, o que a leva a se dedicar con enerxía ao seu traballo literario. A represión para ela continuaría case unha década máis ata que pode volver ao traballo xornalístico na redacción do *Diario de Barcelona*, no que continuaría ata a súa morte en 1980. Nas súas páxinas imprimiría artigos arredor da cultura e crítica de teatro e moda.

Á marxe do seu labor xornalístico, a actividade de M.^a Luz Morales desenvólvese en multitude de ámbitos, tanto na literatura como na tradución, no mundo editorial ou en proxectos cinematográficos. A súa obra valeulle unha mancha de premios, como o Premio D'Ors da Asociación de Prensa, o Premio Nacional de Teatro ou as Palmas Académicas de Francia.

Malia desenvolver case toda a súa actividade en Barcelona, M.^a Luz Morales mantén durante toda a súa biografía a relación con Galiza. En Barcelona exerce como representante da Asociación de Escritores Galegos e participa na campaña para a aprobación do Estatuto galego, o que mostra a súa afinidade co galeguismo. Participa tamén, xa no país, no acto celebrado en 1933 en homenaxe a Manuel Luís Acuña, no que intervéñen á beira de Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor ou Otero Pedrayo.

En diversas ocasións, M.^a Luz Morales repara nas figuras de Concepción Arenal, de Emilia Pardo Bazán e, en especial, de Rosalía de Castro, das que elaborará perfís biográficos. Nelas recoñécese como muller galega e nos seus nomes busca todas as outras mulleres das que nunca se amentará o seu nome, como deixa escrito no libro *Las Románticas*: «Todas as galegas con sentido común e un chisco de sensibilidade, por moi literatas que sexamos, sabemos que (aínda respectando no que valen tan ilustres nomes) as verdadeiras grandes mulleres de Galiza non son as que desempeñan un gran papel na Arte e na Historia senón aquelas outras ignoradas e humildes (...) De todas as galegas ilustres, é por iso a máis grande Rosalía: porque na súa voz salouca a dor de todas estas esquecidas».

«Non quixen ser outra cousa que isto que humildemente son: simple e sinxelamente, xornalista» escribiría M.^a Luz Morales no seu libro-testemuño *Alguien a quien conocí*, e nesa confesión resume o pulo que conduciu toda a súa vida. Era consciente, non obstante, de que esa de escritora de xornais a conduciría con máis facilidade aínda ao esquecemento. Morales morre en 1980 e a súa é unha figura aínda por recuperar, tanto na súa obra xornalística como literaria e

tamén na súa condición de pioneira nun mundo onde as mulleres comezaron a abrirse camiño nos anos trinta. Para rematar este breve perfil nada mellor que tomar, máis unha vez, as súas propias palabras:

«A través do xornal podemos, nun só día, expresarnos, comunicarnos, con miles de lectores... que, ao cabo de tres días de silencio, nos esquecen. Aos que, nestes instantes, non me teñan esquecido, a aqueles para os que, neste instante, sexa o meu nome unha mensaxe de bo recordo, desde estas liñas, moitas grazas!».

Para nos dar unha idea da súa dimensión como escritora, adxuntamos unha relación dalgunhas das súas obras:

- 1925 *Amor en el camino (novela sin importancia)*, Barcelona, Lux.
- 1926 *Miguel de Cervantes: su vida gloriosa relatada a la juventud*, Barcelona, Araluce, 4ª ed.
- 1930 *Las románticas*, Madrid, Historia Nueva
- 1934 *Vida de Edison*, Barcelona, Seix Barral.
- 1936 *Julio César: vida y hechos*, Barcelona, Araluce, 3ª ed.
- 1936 *Vida y hechos de Alejandro Magno*, Barcelona, Araluce.
- 1942 *Tres historias de amor en la Revolución francesa*, Barcelona, Surco.
- 1943 *Universitas: enciclopedia de iniciación cultural*, Barcelona, Salvat.
- 1943 *Memorias sobre la vida de María Antonieta: Reina de Francia y de Navarra*, Barcelona, Surco.
- 1945 *Vida de Madame Curie*, Barcelona, Seix y Barral.
- 1947 *Edison*, Barcelona, Seix Barral, 3ª ed.
- 1947 *La moda*, Barcelona, Salvat.
- 1948 *El Mundo de las hormigas*, Barcelona, Ediciones Reguera.
- 1950 *El Cine: historia ilustrada del séptimo arte*, Barcelona, Salvat.
1951. *Hazañas del Cid*, Barcelona, Araluce.
- 1952 *Enciclopedia del hogar*, Barcelona, Argos.
- 1954 *Rosalinda en la ventana*, Barcelona, Hymosa, 4ª ed.
- 1955 *Balcón al Atlántico: (otra novela sin héroe)*, Barcelona, Editorial Surco.
- 1962 *Historias del décimo círculo*, Barcelona, Destino.
- 1970 *Libro de oro de la poesía en lengua castellana: (España y América)*, Barcelona, Juventud.
- 1973 *Alguien a quien conocí: Marie Curie, Keyserling, Gabriela Mistral, Valéry Víctor Catalá, García Lorca, Malraux*, Barcelona, Juventud.
- 1997 *Tradiciones íberas*, Madrid, Anaya.
- OBRAS maestras al alcance de los niños* (traducións de clásicos da literatura adaptados á infancia).

Micaela Chao Maciñeira, a primeira irmá

A I Asemblea Nacionalista de Lugo, celebrada dous anos despois da creación das Irmandades da Fala, reconece a «igualdade de dereitos pr-a muller» que no marco da II Asemblea se converterá en «igualdade absoluta, política e civil, da muller co home». Malia a moi inferior presenza pública das mulleres na historia das Irmandades da Fala, podemos achegarnos a súa pegada a través das noticias da Sección Feminina ou no propio voceiro A Nosa Terra. Nomes como Elvira Bao, Amparo López Jean ou Maria Miramontes forman parte da historia das Irmandades por méritos propios, os mesmos que lle dan unha posición adiantada na historia do galeguismo e nacionalismo. Mais, desta volta, centrarémonos nunha figura case esquecida que foi recuperada de maneira especial no ano 1916 do centenario da fundación do movemento polo investigador Emilio X. Insua que nos achegou anacos relevantes da única muller que participou no acto fundacional das Irmandades da Fala o 18 de maio de 1916 no local da Academia Galega na Coruña: Micaela Chao Maciñeira.



O seu foi o único nome feminino, polo tanto, que tomou parte naquela histórica xuntanza fundacional mais tamén se convertiu na primeira muller que viaxou a Cataluña no seguinte ano formando parte da delegación irmandiña. Na súa actividade pública destaca o ter contribuído de maneira decisiva á constitución dunha Sección Feminina nas Irmandades e a intensa colaboración co Conservatorio Nazonal do Arte Galego.

Micaela Chao é a única «fundadora» das Irmandades e a primeira afiliada e, xunto coas irmás Tereixa e Carme, ademais doutras mulleres, aparecen como promotoras da colecta para financiar a dotación dunha bandeira galega bordada para a Irmandade da Coruña. Da actividade fica constancia no voceiro A Nosa Terra que dá noticia tamén en agosto de 1918 da constitución da directiva da Sección Feminina da Coruña na que ocuparía o cargo de Conselleira Primeira, pasando no Nadal do mesmo ano a ocupar o posto de vogal.

Da súa morte en 1928 queda pegada tamén no xornal as Irmandades, en necrolóxica asinada por Urbano Losada e Búa que se laia da perda e da dor de Antón Vilar Ponte, con quen Micaela Chao estaba casada:

«Antón Villar Ponte, o querido compañeiro e irmán, pasa arestora pol-a grande desgracia de ver morrer á súa distinta dona Micaela Chao Maciñeira. Unha señora que compartía por enteiro os sentimentos galeguistas de Villar Ponte e da súa familia, caso exemprar de sincero e acendrado patriotismo.



Foi conselleira primeira da Irmandade feminina cruñesa e estaba completamente identificada cos nosos ideás galegos manifestándoo a cotío con forte intensidade e constancia».

(«Liñas de loito», nº 255, 1.12.1928, p. 11):

Sobre o papel das mulleres nas Irmandades da Fala en 2020 a investigadora Aurora Marco publicou o libro *Irmandiñas* (Laiovento).

María Casares, actriz



Residente privilexiada. A actriz María Casares (A Coruña 1922- Alloue, Francia 1996) decide titular o seu libro de memorias coa marca que a identificaba na súa carta de refuxiada. A filla do ministro do goberno de Manuel Azaña, Santiago Casares Quiroga, fuxiría coa familia tras o golpe militar de 1936, e o seu nome mudaría xa para sempre de Casares a Casarès. O seu é, sen dúbida, un dos grandes nomes da historia do teatro mundial que o exilio furtou para a nosa memoria cultural.

Nacera o 21 de novembro de 1922 na Coruña, unha cidade á que xa nunca máis volvería, desde o temperán inicio

do exilio. Coa súa nai, Gloria Pérez, intaláse en París despois do levantamento militar, cando aínda non ten catorce anos, e decide poñer unha forte lousa por riba do seu pasado, esquecer todo o que fora e sabía e partir de cero. Só así, a nena da Coruña, que gozaba da condición de refuxiada privilexiada, tornaríase nun dos principais nomes do mundo do teatro francés.

Malia iso, e a pesar do esquecemento imposto, e tamén da súa decisión de non regresar nunca máis á Coruña e ao territorio galego, á grande actriz María Casares nunca a abandonará unha moi característica fonética da súa terra natal. Tampouco a memoria da infancia, que

agroma polo miúdo, intensa e viva, cando decide escribir a súa autobiografía, o groso volume que publicaría en francés e español, e logo en galego, co título de *Residente privilexiada*. Non é a autobiografía dunha muller de teatro; é o testemuño vital dunha exiliada. As súas memorias son en realidade un ensaio, fondo e policéntrico, que a autora abordou como un recoñecemento para «as persoas desprazadas», segundo indica a investigadora María Lopo, que bota man dunha entrevista coa autora para asegurar que o seu proxecto incluía escribir unha segunda parte, arredor da súa traxectoria artística.

Na nova vida que lle dá o teatro, a actriz recibe os aplausos da crítica, en especial despois de debutar no ano 1942 no Teatro Mathurins como primeira actriz, aos poucos anos de chegar a París. Sobe chanzos até lograr ser, co seu cartón de refuxiada, unha das principais actrices da requintada Francia. E non só a vida artística, senón tamén a persoal de María Casares, dá un xiro ao coñecer ao que, como é ben sabido, será un referente fundamental na súa vida, o escritor Albert Camus, que tempo despois, en 1957, sería distinguido co premio Nobel de Literatura.

O xenio franco-alxeriano sería tamén un dos autores dramáticos que María Casares levaría á escena. Canda el, Chékhov, Dostoievski, Synge, Ibsen ou Sartre forman parte do amplo repertorio que percorrería a actriz nos anos corenta, tempo cinsento tamén nun París ocupado, no que María e Gloria atravesan de novo momentos difíciles. A historia vólvese cruzar no seu camiño e facer as súas vidas máis complexas, irrespirábeis por momentos. Entrementes, para María Casares, primeiro a Comédie Française e logo o Teatro Nacional Popular, dirixido por Jean Vilar, nos anos cincuenta, serán as súas casas de arte, os espazos nos que a refuxiada revive e medra. Tampouco faltarán galardóns e distincións na súa traxectoria, entre os que figuran algúns dos máis cotizados no país galo, como os Premios Molière e o Nacional de Teatro, ou a Medalla ao Mérito en Belas Artes, que lle concederá o goberno español, aínda que se negará a recibila das mans do rei.

A morte da nai, primeiro, a do pai, Santiago Casares Quiroga, a seguir, ao seu regreso do exilio británico, e despois a do propio Albert Camus, que falecerá de maneira repentina en xaneiro de 1960, nun accidente de tráfico, forman parte dos episodios tráxicos que marcan a súa biografía, que chega tamén ao seu remate, o 22 de novembro de 1996, cando a actriz prepara a obra *El cerco de Leningrado*, de José Sanchis Sinisterra, un día despois de cumprir 74 anos.

Pasarían case corenta anos desde o inicio do desterro cando María Casares decide, en 1976, levar a Madrid *El Adefesio* de Rafael Alberti, exiliado coma ela. Será a primeira vez que atravesen os Pirineos desde aquela fuxida cando nena. Nas catro décadas, viaxara por todo o mundo e mantivera un forte contacto co exilio latinoamericano mais nunca tivera valentía para pisar territorio español. A actriz regresa meses despois da morte de Franco, cando o silencio aínda se impón e un acordo de desmemoria borra nomes e esquece ausencias.

A autora da biografía de María Casares, Arantxa Estévez, dá tres argumentos para explicar as razóns polas que di que si nese momento a unha viaxe artística que rexeitara en tantas ocasións. «A oferta é aceptada agora; primeira razón, Franco está morto. Segunda, sente unha necesidade vital de buscar as raíces, procura que a vai levar pouco despois a escribir as súas

memorias (...) Terceira razón, e nada desdeñábel, retorna como protagonista dunha peza de Alberti, outro exiliado pero non un máis», anota Arantxa Estévez.

María Casares, non obstante, non se sente cómoda nesa volta, non se sente partícipe do estado de ánimo xeral e o país que atopa despois de corenta anos de ditadura nada ten a ver co que lembra do entusiasmo republicano que ela compartiu. En plena xira da obra, María enferma de hepatite en Barcelona. De regreso a Francia é cando decide pasar unha temporada na súa casa de Alloué e escribir as súas memorias, a comezar pola infancia na Coruña, que narra como se estivese aínda onte a tocar coa súa man as augas do mar de Montrove, localidade na que a familia pasaba os longos veráns da súa infancia.

Amparo Alvajar, dramaturga e tradutora



A noticia da morte en Monção de Amparo Alvajar en abril de 1998 puña fin a unha biografía que só cun poucos datos conseguía sorprender e perturbar. Sorprendía que case nada se soubese desta muller tradutora, escritora, directora teatral e funcionaria internacional que se tivera que exiliar despois do golpe militar. Amparo a través de toda a súa vida posuía unha imaxe moderna, audaz e tamén un tanto misteriosa, talvez porque agochaba unha intensa biografía en que a dor non estaba ausente.

Nacera na Coruña o 8 de agosto de 1916, no berce dunha familia republicana creada polo xornalista César Alvajar e Amparo Jean, destacadas personalidades da cidade. Como correspondía pola súa orixe, Amparo gozou nos anos da República da activa vida cultural e política da Coruña e mesmo traballou de funcionaria no Concello. Colaboradora de

Casares Quiroga, marchará con el a Madrid como persoa de confianza do seu despacho. Será desde a capital española desde onde, despois do golpe militar, teña que fuxir para Valencia, cidade onde casará con Arturo Cuadrado e terá a súa filla Silvia, que morre ao pouco de nacer a causa dunha pneumonía. Como acontece con todos os membros da súa familia, o exilio é o destino obrigado e, despois de pasar por diversas cidades francesas, foxe para Bos Aires en 1939 a bordo do vapor Massilia, no que embarcarán tamén outros deportados como a propia Mariví Villaverde, quen lembra como unha ambulancia agardaba a unha Amparo novamente

preñada no porto bonaerense. Ingresada de inmediato nunha clínica pero, despois da longa e dura travesía, o neno nacerá morto.

Na capital arxentina, Amparo traballa como tradutora de escritores ingleses e franceses e estrea con éxito dúas obras de teatro da súa autoría –*El balcón de los Lester* e *Amada y tú*–, nas que se ocupa tamén da dirección de escena, en colaboración con Agustín Caballero. A traxectoria de Alvajar continúa vencellada a distintas organizacións internacionais, primeiro como tradutora da ONU en Nova York, traballando no Correo da Unesco en París e, por volta de 1960, como funcionaria nas oficinas da Organización Mundial do Traballo en Xenebra, cidade cun importante movemento teatral, onde dirixiría obras de Lope de Vega, Moratín, Buero Vallejo ou García Lorca. Durante todo o seu exilio, Amparo continuará mantendo os seus ideais republicanos e en 1961 concédennlle a «Orde da Lealdade á República Española», da que é nomeada «cabaleiro».

«Cunha obra moi disgregada polas circunstancias, é unha das mulleres de formación intelectual máis traballada da Galiza de hoxe e unha importante escritora, con obra feita e tamén espallada nunha e outra cidade, Bos Aires, Nova York, París, Xenebra»

destacou dela Luís Seoane ao tempo que anunciaba que, nos anos setenta, Amparo matínaba

«traballar novamente para Galiza desde fóra, aínda que non deixou endexamais de traballar para ela, como ocorre con moitos escritores e artistas da xeración cuxa obra foi feita, por circunstancias especiais, no estranxeiro e moitas veces nas peores condicións. Unha obra non rexistrada aínda na súa totalidade, en ningunha publicación galega actual».

A súa irmá Ana María Alvajar relata nas súas memorias *Soltando lastre* (Edicións do Castro) o tempo que compartiu con Amparo. De especial relevancia son as cartas recollidas no volume que tamén ela preparou, *Notas sobre Amparo Alvajar, exiliada gallega* (Edicións do Castro). Lembraba Ana María que os irmáns e irmás Alvajar –Amparo, Javier, Ana María e Teresa– só se volveran atopar, despois de 1936, en París en 1955 con motivo do falecemento do seu pai, César Alvajar. Diciamos que a súa morte descubriu tamén un personaxe perturbador porque Amparo levaba xa tempo vivindo nunha casa en Monção, xusto na fronteira que nunca máis quixo atravesar. En silencio, como foi a volta de tantos exiliados e exiliadas. O caserón escollido para pasar os seus últimos días era case infranqueable, segundo comentaba a súa irmá Ana María, que intentaba con forza manter o contacto con ela. Amparo, a muller que percorrera medio mundo, procuraba que a súa porta se mantivese sempre pechada.

En carta a Rafael Dieste e Carme Muñoz datada o 17 de xaneiro de 1967, Amparo Alvajar daba conta da súa axetreada vida na que as viaxes eran constantes como acontece en boa parte destas «modernas» ás que agora nos achegamos:

«Excuso dicirvos o que boto de menos Galiza, pero non volvo a España. Son moitas e moi longas as razóns que teño para non volver, de maneira que vos aforro o capítulo. Non se trata só de cuestións políticas, nin moito menos. Non sabedes cantas veces pensei no que me gustaría ter unha leiriña de patacas nunha aldea de pescadores de Galiza e quedarme alí tranquila, pero infelizmente non pode

ser, non podo tampouco pensar en comprar nadanun lugar que moi probablemente e con farta dor de corazón non volverei pisar. Non creades que estou chocha da vida traballando en Xenebra. Non hai nada diso. Para unha muller soa, Xenebra é un enterro de primeira. Vívese ben, comodamente, en absoluta soidade e sen nada que desperte o interese de un. A cidade nin te estimula nin che dá nada. Ademais deprime soberanamente. Pero aquí están as miñas posibilidades de traballo, e aquí estou eu, posto que non me queda máis remedio que traballar para vivir. No futuro inmediato, polo de pronto, teño compromisos de traballo para o ano enteiro, sen interrupción ningunha, o que quere dicir que non poderei siquera tomar unhasvacacións. Irei a París un par de días a arranxar os meus papeis, que teño que renovar, e tratarei de saír de aquí os fins de semana, entre outras razóns porque mo ordenou o médico. A comezos do anos que vén, moi probabelmente, irei á India por un par de meses pero claro está que a traballar e co billete pagado».

Elisa e Marcela

Se tivéssemos que destacar biografías de mulleres que romperon prexuízos, non cabe dúbida de que dous nomes estarían na listaxe. María Elisa Carmen Sánchez Loriga e Marcela Gracia Ibeas, máis coñecidas como Elisa e Marcela, son a parella de mulleres que romperon todas as regras para casaren en 1901 no que sería o primeiro matrimonio oficial entre dúas persoas do mesmo sexo.



As dúas mulleres foron perseguidas pola xustiza, fuxiron a Portugal onde foron encarceradas e Marcela tivo unha filla e a súa historia continúa en Arxentina, país ao que emigraron. A historia de Elisa e Marcela tivo impacto no seu tempo e mesmo Emilia Pardo Bazán saíu na súa defensa.

O profesor e investigador Narciso de Gabriel afondou na súa historia que relatou no libro *Alén dos homes* (Nigratea) onde segue a pegada destas dúas mulleres desde que se coñecen na Escola Normal da Coruña onde inician unha intensa historia de amor que as levaría a rebentar todos os convencionalismos e mesmo as presións familiares.

Como mestras, Elisa e Marcela exercían desde 1888 en concellos como Coristanco, Vimianzo ou Dum-

bría compartindo vida até que en 1901 Marcela comunica á veciñanza que casaría con Mario, curmán de Elisa mentres esta anuncia a súa intención de abandonar o país. Desta maneira, Elisa corta o pelo, provoca o nacemento de bigote e vístese de home para disfrazar a súa condición de muller e converterse nun Mario que se dirixiría á igrexa de San Xurxo para buscar ser bautizada na nova identidade masculina finxindo un pasado protestante que o afastaba do catolicismo.

Con Mario con rexistro de bautizo, as dúas mulleres conseguen casar en xuño de 1901. No casamento, Marcela vestía de escuro cun mantón e un ramo de azar mentres Mario-Elisa asistiu cun traxe chaqueta do trinque, cadea de ouro e aneis, como retrata a imaxe tirada polo fotógrafo José Sellier.

Xa como matrimonio retornan a Dumbría onde o engano é descuberto e o propio crego da localidade ameázaas cunha denuncia diante da Garda Civil. Malia tentar Mario convencer argumentando da súa condición de hermafrodita xa na Coruña e diante do mesmo crego que a bautizara como home, o matrimonio ten que fuxir e decide marchar a Porto onde viven unha relativa calma até que son detidas pola policía xa que a xustiza española impuxera unha orde de busca e captura. Ao non existir unha orde de extradición, as dúas mulleres foron presas e xulgadas en Portugal, saíndo finalmente absoltas. Cando a solicitude de extradición é aceptada, as dúas mulleres deciden fuxir a Bos Aires, cidade á que Marcela viaxaría coa súa filla nacida no Porto en 1902.

Na capital arxentina, Elisa casa cun dinamarqués de elevada idade, o que Narciso de Gabriel explica pola «esperanza de que non lle restasen moitos anos de vida e de adquirir así os recursos económicos que lle permitisen retomar a convivencia con Marcela e a súa filla». O resultado é un episodio máis na complexa vida das dúas mulleres: «O marido, ao saber que casara cunha das protagonistas do matrimonio sen home, denuncia, alegando, entre outros motivos, que se negaba a consumir o matrimonio». Despois de ser o caso sobreseído, pérdese a pista dunha historia de valentía de dúas mulleres que tentaron romper convencións, prexuízos e mesmo leis converténdose en pioneiras de matrimonios do mesmo sexo.

María Vinyals, a Marquesa Vermella

Naceu no Castelo de Soutomaior en 1875 e morreu en 1940, María Vinyals coñecida como a Marquesa Vermella polas súas ideas progresistas tiña o título de Marquesa de Auerbe, de Lierta e de Rubí e Condessa de San Clemente.

Converteuse na filla que nunca tivera o Marqués de Mos y de la Vega Armijo, Antonio de Aguilar Correa y Sotomayor e Zenobia Vinyals y Bargés, a súa tía. De sempre, pasaba os invernos en Madrid, onde completou a súa rica formación, enriquecida con moitas lecturas e dominio de linguas ademais de coñecementos de arte, historia ou literatura ás que mostrou grande afección.

En 1896 casa con Juan Nepomuceno Jordán, Marqués de Ayerbe, no castelo de Soutomaior, nun tempo en que xa se desenvolvía nas súas actividades artísticas como a pintura. A súa pri-

meira obra escrita rexistrada é o libro *Castillo del Maqués de Mos en Soutomayor. Apuntes históricos* (1904). En diversos artigos, publicados en publicacións como *Galicia* de Bos Aires ou *Galicia* de Madrid, manifesta a súa defensa da educación para as mulleres e a igualdade legal para homes e mulleres.

A profesora Aurora Marco, que investigou arredor da súa biografía, recolle un interesante fragmento da súa intervención na inauguración do «Centro Iberoamericano de Cultura feminina y Escuela de Madres de Familia», do que chegou a ser presidenta, en marzo de 1906 no que dicía:

«toma máis corpo e máis consistencia a cuestión feminina, a muller pugna con máis brío por romper os verdadeiros obstáculos tradicionais que a manteñen nunha condición que non marcha á par coas liberdades de que gozan os homes nin coas exixencias que os adiantos da ciencia impoñen á sociedade moderna. A súa situación na nosa sociedade é anormal e arcaica. Modificada por completo a vida do cidadá, a existencia da muller é, con escasa diferenza, a mesma de hai dous séculos, e así goza dalgunhas máis liberdades para saír ou para viaxar, mais son unicamente aplicábeis as súas diversións e esparcamentos, que acrecentan e fomentan a súa frivolidade nativa, non aplicábeis ao traballo rexenerador e vivificante, redención única e verdadeira do noso sexo».

Despois de enviuar, María Vinyals casa co médico e sociólogo cubano, Enrique Lluria e retornan a Soutomaior para construír un sanatorio nas inmediacións do castelo. María destacou polo seu compromiso social e formou parte como militante da Agrupación Feminina Socialista, defendendo en actos e publicacións a necesidade de educación para as mulleres en igualdade. A parella decide trasladarse en 1925 a Cuba, onde Enrique Lluria falece pouco despois da chegada, o que provoca a marcha de María aos Estados Unidos para se encontrar cos dous fillos. Morrería en París durante a ocupación alemá e todo indica que os seus últimos tempos foron difíciles, tamén no ámbito económico.

Hildegart, a teórica e activista precoz

A historia de Carmen Rodríguez Carballeira (1914-1933), coñecida como Hildegart, é sorprendente desde que foi proxectada pola súa nai, tal vez antes mesmo de ela nacer. Aurora Rodríguez, a súa proxenitora, natural de Ferrol, decidira pór nela todos os desexos de muller adiantada, que conducira á sociedade, e en especial ás mulleres, a un tempo de progreso.

Feminista e socialista, Aurora Rodríguez concebiu a súa filla, segundo a biógrafa Rosa Cal como «a bandeira e o corazón da liberdade para os que teñen ansias de xustiza». Con este obxectivo, a educación e a formación de Hildegart conduciuse cunha velocidade inusual, coa presión que evidencia o feito dela falar con tan só oito meses, escribir a man aos tres anos ou a máquina con tan só catro. Desde moi nova –morrerá asasinada pola nai con menos de vinte anos– Hildegart fala francés, inglés e latín e traducía portugués, italiano e alemán. Con catorce anos, a moza xa estudaba Dereito na Universidade e con dezaoito conseguiu o doutoramento para, a seguir, abrir un bufete, antes mesmo da idade mínima permitida.

Cedo comezaron tamén as conferencias e intervencións en xuntanzas políticas e pasou a militar primeiro nas Juventudes Socialistas e logo no Partido Republicano Federal. Feminista convencida, optaba, con todo, pola liña de Nelken da cautela para o voto feminino e defendía a necesaria formación das mulleres como base da súa autonomía.

Sexo y amor, El problema sexual tratado por una mujer española e *La rebeldía sexual de la juventud* son tres libros seus publicados con tan só 17 anos e que afondan na que sería unha das súas preocupacións, a liberación sexual das mulleres. *Revolución sexual, Paternidad voluntaria* e *Profilaxis anticoncepcional* continuarían na liña dunha Hildegart que foi secretaria da Liga para a Reforma Sexual sobre Bases Científicas. Unha parte da súa actividade pública dedicábase a participar en campañas sobre a maternidade responsábel, a nova sexualidade ou a euxeñese. Toda esta frenética actividade respondía ao plan artellado pola nai que non permitía descanso.

Ademais da participación orgánica en diversas formacións políticas, Hildegart tamén foi crítica con posturas e liñas de partidos nos que participaba e así cuestionou en 1932 as reformas propostas pola política socialista. Pouco tempo despois, o 9 de xuño de 1933, a súa nai Aurora Rodríguez pon fin á súa vida asasinándoa con catro disparos mentres durmía, posibelmente por non poder mantela xa baixo o seu control. Tiña entón tan só 19 anos e publicara xa 14 libros. Aurora entregouse á xustiza despois do asasinato. En 1987 no psiquiátrico de Ciempozuelos descóbrese o manuscrito da historia clínica de Aurora Rodríguez que viviu encerrada máis de dúas décadas, esquecida por todo o seu entorno.

A súa historia deu lugar a novelas como *Aurora de sangre. Vida y muerte de Hildegart* de Eduardo de Guzmán, escrita en 1972, que foi unha máis coñecidas, creada arredor dunha historia sobre a que tamén Enrique Dacosta escribiría *Entrada ao xardín do saber*. Máis recentemente, no 2020, a escitora Almudena Grandes retomou esta historia na novela *La madre de Frankenstein*.

Tamén noutras disciplinas artísticas como a cinematográfica recreáse a vida de nai e filla. A película *Mi hija Hildegart* de Fernando Fernán Gómez significou a subida dun chanzo importante na recuperación da súa memoria. Do mesmo xeito que *Aurora*, a obra teatral de Marga do Val intepretada por Roberto Cordovani, xa máis actual, supuxo unha nova visión da historia das dúas mulleres.



3. Mestras para a renovación pedagóxica

Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán son, como xa indicamos, dous nomes de singular relevancia á hora de reivindicar a igualdade na formación das mulleres. Tanto unha como a outra defenderon o dereito á educación das mulleres en intervencións que foron chave. De Concepción Arenal dise que en 1841 acudía a aulas á Facultade de Dereito disfrazada de home o que a convertería en primeira muller universitaria no Estado aínda que non fose de maneira oficial, é dicir, sen participar nos exames nin conseguir título entón.

A de mestra foi a primeira formación académica á que estaba permitido acceder ás mulleres. Trátase da ponte máis suave para entrar no ámbito público quen tiñan no coidado das crianzas unha das súas principais dedicacións. Dalgunha maneira, socialmente, estas mulleres que se formaron e comezaron a traballar no ensino, tan só pasaban de formar aos seus fillos e fillas a facelo con outrxs, nunha profesión achegada ao rol social que lles reservaban.

Nos anos vinte e trinta agromaron proxectos que impulsaban unha renovación pedagóxica e, en especial, a igualdade de formación para homes e mulleres, coa defensa tamén da presenza feminina nos estudos universitarios. Naqueles anos previos ao golpe militar, a presenza de mulleres comezaba a se sentir en todos os ámbitos educativos e eran tamén pioneiras á hora de deseñar novos marcos de actuación para o ensino. Aquel aire de progreso que se vivía nas escolas cos proxectos de renovación pedagóxica ficou cercenado e os crucifixos e a imaxe de Franco nas aulas tornáronse só en símbolo dunha educación que perseguía formar persoas súbditas ao ideario do réxime ditatorial.

Moitas mestras tiveron que exiliarse, afastarse da profesión ao padecer a depuración ou mesmo foron fusiladas, como os casos de Mercedes Romero Abella e María Vázquez Suárez, os dous nomes de muller que aparecen na listaxe de ensinantes vítimas mortais do réxime elaborada polo historiador da educación Antón Costa.

Boa parte delas contribuíron co seu traballo a construír unha escola máis democrática e igualitaria e tiveron na formación das mulleres un dos seus eixos de traballo. Son moitos os nomes das ensinantes que participaron da vontade renovadora que ficaría silenciada despois do golpe

militar de 1936, sometendo a profesión ao ideario do franquismo que vía a escola como centro de formación para perpetuar o «espírito nacional» que se convertía nunha das chaves do réxime e poñía un feche a todo o afán renovador que promoveran as pioneiras do progreso nas aulas.

No seu libro *Vidas de mestras*, Aurora Marco repara nos nomes de Concepción Saíz Otero, Antonia de la Torre e Antía Cal Vázquez como exemplos desa vontade renovadora que tiveron que superar inercias e resistencias para traballar por unha escola diferente na que a igualdade dese a man co coñecemento e a democracia co saber. María Barbeito, Antonia de la Torre e Ermitas Fernández foron as tres galegas que a publicación *Cuadernos de Pedagogía* sinalaba, por outra parte, como exemplos de mestras innovadoras nunha historia pedagóxica que percorría as distintas épocas desde a segunda república até a actualidade.

Abeirámonos agora a unha serie de figuras fundamentais para coñecer as principais propostas educativas de progreso promovidas por mulleres, as pioneiras da renovación pedagóxica:

Ernestina Otero Sestelo

Natural de Redondela, vila na que nace en 1890 e na que morre en 1956, Ernestina Otero Sestelo é un dos nomes da renovación pedagóxica que determinadas mestras estaban a promover antes de 1936.

Estuda na Escola Normal de Pontevedra antes de ampliar a súa formación na Escola de Estudos Superiores de Maxisterio en Madrid, cidade na que se atopa coa progresista Institución Libre de Ensinanza que se converte en modelo de aprendizaxe. Con 25 anos convértese en profesora da Escola Normal de Pontevedra, centro no que estudara e que chegará a dirixir no tempo republicano, época na que presidirá tamén o Consello Provincial de Primeiro Ensino.

«Exerceu sempre coherente aos seus principios e demostrou unha enorme vontade de renovación, que tratou de transmitir ao seu alumnado. Foi impulsora e activa partícipe de proxectos pedagóxicos ben interesantes. Organizou viaxes culturais a museos, lugares históricos, instalacións industriais e centros de investigación. Puxo en marcha campos agrícolas experimentais, comedores e colonias escolares. Prestou especial atención ao fomento da asistencia á escola», destaca Olalla Márquez Losada, da súa maneira de entender un ensino que contemplaba tamén as características de Galiza e a atención á educación de persoas adultas.

Despois do golpe militar, Ernestina Otero, que asinara o Manifesto de Intelectuais a favor do Estatuto de Autonomía para Galicia, foi suspendida de emprego e soldo, ao igual que acontecería con moitas máis mestras, entre elas, as súas propias irmás Lola e Esperanza. Pouco tardaría en chegar a separación definitiva e a persecución e presións sociais no seu ámbito familiar. As aulas particulares foron o recurso para sobrevivir até a revisión do expediente que confirma a anulación da separación do ensino mais contempla a suspensión de emprego e soldo durante dous anos, a inhabilitación para ocupar cargos de dirección ademais de incluír o desterro á Escola Normal de Ourense. Até 1951 non puido volver a Pontevedra, cidade na que morre con 65

anos despois dunha época difícil na que nunca deixou de axudar ás vítimas da represión franquista, especialmente ás presas e presos políticos e as súas fillas e fillos.

En 2014 foi homenaxeada polo concello de Pontevedra, dentro do programa *A memoria das Mulleres*. <http://tesourosdotempo.pontevedra.eu/especial/unha-vida-adicada-a-revolucionar-os-dereitos-das-mulleres/>

María Barbeito

María Barbeito (A Coruña 1880- 1970) é, sen dúbida, un dos grandes nomes da renovación pedagóxica do pasado século. Natural da Coruña, cidade na que se forma na Escola Normal como mestra, A Guarda será o seu primeiro destino, nun centro que dirixiu entre 1915 e 1936. A presenza de Barbeito revolucionou o centro público da localidade, con intercambios, cursos complementarios, conferencias... e a aplicación por vez primeira en Galiza do método Montessori, unha referencia da pedagogía progresista e renovada na que algunhas mestras se implicaron.

En 1933, convértese en inspectora por concurso de méritos, posto desde o que promove novas iniciativas como intercambio de ideas entre profesionais, un Plan de Lectura ou unha Biblioteca de Consulta, na idea que ela tiña dunha escola que se fundamenta no respecto, a fraternidade ou a igualdade.

A dinámica Junta de Ampliación de Estudios vaille permitir coñecer escolas doutros países de Europa como Francia, Holanda, Bélxica, Suíza ou Italia co fin de se achegar a novos modelos e importar ideas para as escolas galegas. Daquela experiencia naceu o libro *Países y escuelas*. Ao tempo, son moitas as iniciativas sociais e de carácter asistencial promovidas por María Barbeito que van desde as Colonias Escolares para nenas e nenos pretuberculosxs até a Casa Cuna ou Gota de Leche (institucións creadas para remediar os problemas de desnutrición e mortandade infantil) .

Na obra *La Mujer, antes, ahora y después*, fica á vista o seu compromiso coa loita polos dereitos das mulleres na que ela cría, de maneira especial na liberación profesional e cultural. Trátase dunha conferencia pronunciada na Agrupación Republicana Feminina da Coruña, presidida entón pola galeguista Amparo López Jean. «Cando un talento é tan indiscutíbel, cando unha capacidade profesional é tan sólida e cando unha virtude é tan firme como a da nosa conferencista, o espírito crítico reprímese espontaneamente e troca o seu característico xesto de audacia nunha reverencia que reserva para moi contados casos», sinala, case reverencial, López Jean na presentación da conferenciante.

Son moitas as cabeceiras que, até 1936, acolleron a sinatura de María Barbeito, entre elas, *Revista Galega, Galicia, La Voz de Galicia, Boletín de la Academia Gallega, El Pueblo Gallego* ou *El Ideal Gallego* con artigos maiormente de ámbito social e tamén pedagóxico. A súa condición progresista orixinoulle acusacións tras o golpe militar que a obrigaron a abandonar a súa carrei-

ra como profesora, acusada de ideas avanzadas e de esquerdas e partidaria da coeducación, entre outras.

En novembro de 1937 dítase a separación definitiva do maxisterio por parte da Comisión Depuradora e catro anos despois pasa á xubilación obrigatoria. Quedaríanlle anos a María Barbeito aínda para intensificar o labor intelectual en traballos de investigación e tradución, arredor, por exemplo de Concepción Arenal, figura á que admiraba desde moi nova, ademais de múltiples estudos seus aínda non publicados.

«Cando Federico García Lorca visitou Galicia por segunda vez, na primavera de 1932, expresou o desexo de coñecela: ata el chegara información do traballo e do prestixio adquirido por esta galega, unha das mulleres máis relevantes do primeiro terzo do século XX. Unha muller que axiña se converteu en referencia inescusábel de todas e todos os que souberon apreciar a súa intensa e constante dedicación á educación e instrución, á renovación educativa, á defensa dos dereitos das mulleres, á xustiza, a liberdade, ao progreso; cun gran sentido do social, que introduciu un concepto sociolóxico nas obras de beneficencia»

destaca Aurora Marco, estudosa da figura de María Barbeito.

Enriqueta Otero

Mestra antes do golpe militar, Enriqueta Otero (Castroverde 1902- Lugo 1989) regresou á súa profesión despois dunha vida de compromiso e militancia guerrilleira co seu particular proxecto, *O Carriño*, que bebía do espírito das Misións Pedagóxicas da República e buscaba levar a cultura e a formación a todos os recantos.

En San Cosme de Barreiros, Ferreirós e Montefurado comezou a súa andaina como profesora Enriqueta Otero que en 1936 marcharía para Madrid cunha bolsa para se especializar en ensino para persoas xordomudas.

Co levantamento militar implícase na resistencia como enfermeira no Hospital Militar de Carabanchel pasando a ser miliciana na defensa de Madrid. Naqueles difíciles tempos, o compromiso de Enriqueta Otero comprobábase no seu traballo en fogares, hospitais-escolas ou mesmo unha gardaría para as crianzas dos soldados.

Cando o golpe triunfa, Enriqueta, militante comunista, consegue fuxir cara a Lugo aloxándose na casa dun párroco que a salva da persecución así como en varias casas particulares nas que logra agochase ocultando a súa identidade. Tempo de se aliñar coa estrutura da guerrilla e, xa en 1944, integrar o Comité Provincial de Lugo do PCE. En febreiro de 1946 é detida despois dunha dura persecución policial e torturada, mais a mediación de varias profesoras líbrana do asasinato malia ser sentenciada a trinta anos acusada de rebelión militar e catro máis por atentado contra a autoridade.

A etapa carceraria de Enriqueta Otero continúa en Amorebieta para logo pasar ao penal de Segovia, un centro especialmente duro e con pésimas condicións que fai que participe en folgas

para reclamar a súa mellora. A súa traxectoria polos cárceres franquistas continuará en Guadaluaxara e Alcalá de Henares até conseguir en 1960 a liberdade condicional que só se convertería en definitiva en 1965.

Na saída, terá aínda que loitar Enriqueta Otero para conseguir ser rehabilitada como mestra, o que só acada en outubro de 1974, seis anos antes de xubilarse. A Asociación Popular *O Carriño* naceu neses últimos anos de profesión, cando, malia a idade, continuaba a crer na cultura e o ensino e quería, co seu «carriño» que o saber se espallara por aldeas e parroquias.

«Morreu o último día de outubro de 1989 e foi enterrada na súa parroquia natal, envolta na bandeira republicana, evocada como «a última guerrilleira galega, a Pasionaria do pobo Galego», sinala Angel Rodríguez Gallardo, autor do libro *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero* (Fundación Dez de Marzo-Concello de Lugo, 2005).

Concepción Ramón Amat

En maio de 1932, Concepción Ramón Amat (Tarragona 1895-Ourense 1991) é nomeada directora da Escola de Maxisterio de Ourense, nun tempo no que se están a dar importantes cambios na formación do profesorado de primaria e na democratización do ensino. Os seus retos na dirección da Escola Normal, lembra Xosé Manuel Cid Fernández, son a apertura da escola á sociedade mediante actividades de extensión cultural, a colaboración entre a Normal e a Inspección para seleccionar o novo profesorado da República e a planificación dunha formación permanente.» Ademais, destaca a súa implicación na formación permanente de ensinantes e na actualización pedagóxica, ademais de todo o traballo de xestión desde un posto que era, posibelmente, a primeira muller en ocupar en todo o Estado. En 1934, Concepción Ramón Amat será substituída no seu cargo polo escritor Vicente Risco.

«Do tempo en que foi directora, salientamos como iniciativas compartidas coa inspección: clases complementarias de idiomas, música e cultura xeral, abertas á poboación de Ourense (durante o curso 1932-33 e 1933-34); curso de perfeccionamento en aspectos teóricos e metodolóxicos (maio de 1933); exposición de traballos escolares e material de ensino (maio de 1933); curso de técnicas de traballo escolar (marzo de 1934); Semana Pedagóxica de Ribadavia (marzo de 1934)»

sinala Xosé Manuel Cid, dun tempo que estaba renovando a pasos axigantados a calidade pedagóxica de ensinantes, a renovación das escolas e o incremento da súa calidade democrática. Participou tamén na Misión Pedagóxica de Freás de Eiras, coa apertura dun novo grupo escolar, na filosofía dunha escola moderna e popular.

Concepción Ramón volve dirixir a Escola Normal de Mestras «Concepción Arenal» -de novo separada para a formación de mestres e mestras- en 1945, cando Risco marche a Madrid e alí continuará até que só en 64-65 volva ser un centro único, como a Escola Normal que ela impulsara.

Concepción Sáiz Otero

Tanto na súa actividade profesional como profesora como na súa obra escrita, Concepción Sáiz (Santiago de Compostela 1851-Pancorbo 1934) mostra unha grande preocupación pola educación das mulleres, como parte da súa liberación. Filla de nai galega e pai burgalés, Concepción Sáiz fórmase na Escola Normal de Madrid como Mestra Superior e Profesora de Párvulos e dirixe entre 1881 e 1884 a primeira escola de nenas creada pola Asociación para a Enseñanza de la Mujer. Na súa longa carreira como ensinante foi tamén, entre outras especialidades, profesora de Lingua e Literatura na Escola Normal de Mestras.

Cunha bolsa da Xunta de Ampliación de Estudos viaxa a Londres e desa estadía nace a obra *Dos meses por las Escuelas de Londres*. Outras obras da autora serán *Teoría y práctica de la educación y la enseñanza*, *Lecturas escolares* ou *El método de la escuela renovada de Milán*.

Xosefa Iglesias Vilarelle

Método de lectura é o título co que Xosefa Iglesias Vilarelle (Santiago de Compostela 1883-Pontevedra 1966) nomea a primeira obra didáctica escrita en galego en 1932. A autora era daquela mestra de Mourente, en Pontevedra, cidade na que se formaría en Maxisterio a pesar de ter nacido en Santiago de Compostela.

Tamén en Pontevedra, Xosefa Iglesias Vilarelle forma parte da directiva, ocupando o cargo de tesoureira, da Dereita Galeguista, escisión do Partido Galeguista, unha organización que se adapta á súa condición de galeguista, de dereitas e católica.

Co *Método de lectura*, Iglesias Vilarelle converterase en dobremente pioneira, en primeiro lugar por ser a primeira muller que elabora un texto didáctico e tamén por ser a autora do primeiro manual con carácter pedagóxico para a aprendizaxe da lingua galega. A obra saía publicada cun debuxo de Castelao na capa e contou co apoio de Vicente Risco desde a *Revista Nós*. A súa sensibilización a respecto do ensino da nosa lingua, en especial nas escolas rurais, a defensa da terra, fica á vista neste traballo que comparte filosofía co Seminario de Estudos Galegos, que asina a edición, co que a autora mantiña relación.

Antía Cal. La Habana, 1923

Antía Cal comeza o seu libro memorialístico titulado *Este camiño que fixemos xuntos* (Editorial Galaxia, Vigo 2006) na emigración, no inicio da súa vida na capital cubana que fora destino da súa familia, desa «estirpe de emigrantes» con orixe en Muras, onde regresará en 1932, cando aínda non cumprira os dez anos. Comezará entón, xa de regreso de Cuba, a súa formación académica, que a había conducir cara ao ensino. No entanto, Antía sofre o que considera a súa primeira discriminación. O seu desexo primeiro é estudar Xeografía e Letras, mentres seu irmán, un ano maior, optaría pola medicina. Escríbelle entón ao pai, aínda en Cuba, para comentarlle a súa decisión, mais a resposta prodúcelle unha decepción da que lle costará arreoñerse. «Con-

testoume que non había para todos e que o mellor que podía facer era axudar a miña nai. Pareceume unha grande inxustiza», valora daquel mandato, amortecido logo pola actitude da nai, que se apresura a dicir que non precisa axuda, co fin de que a filla non sacrifique a súa formación. O pai indícalle entón que estude Comercio, o que a filla compaxina con maxisterio, formación na que atoparía o seu verdadeiro destino profesional. Só despois, Antía Cal ingresaría na Universidade, matriculándose en Filosofía e Letras. En Compostela, nos paseos nos que mozos e mozas se cruzaban é onde coñece ao médico Antón Beiras e inician un «camiño xuntos», que, tempo despois da separación pola súa morte, narraralles ás súas netas no libro de memorias. Coñécense en 1944 e casan en 1947, comezando unha vida en común que só remataría co falecemento de Beiras, o 1 de abril de 1968.

Co home instálase en Vigo, onde o oftalmólogo sitúa a súa clínica e ela procura atopar traballo. En 1954 inician unha viaxe de estudos por Europa, polo interese en achegarse ás novas técnicas e tratamentos de males dos ollos, en especial do estrabismo, e en Xenebra a mestra atópase co legado de Pestalozzi, de quen admira as súas ideas pedagóxicas, que marcarán a fundación do colexio Rosalía Castro, en 1961. Antía Cal ponse á fronte dunha institución de ensino que ía ser recoñecida polo seu carácter innovador, con forte presenza do inglés e coa introdución tamén do galego, algo daquela inusual nun centro de cidade.

«Os modelos eran os ingleses. Así o sentía. Pola educación dos meus fillos en Inglaterra, que eu seguía moi puntual e documentadamente, e polas informacións e consellos daqueles profesores de Xenebra e París que me abriron os ollos»

explica respecto do patrón co que deseñou o centro de Vigo, nun proxecto que, para o tempo, tiña un toque case revolucionario.

«O importante era que o neno descubriera as cousas, que fora el o profesor da clase. Había unha frase que era principal na pedagogía do Rosalía: os nenos aprenden dos iguais»

explica Antía Cal da trabe mestra sobre a que se sostiña a materialización dos seus conceptos profesionais.

A través da Editorial Galaxia, na que Antón Beiras participa, chégalle a Antía Cal o convite para asistir ás Escolas d'Estiu de Marta Mata, en Barcelona. Uns encontros de renovación pedagóxica aos que acode en repetidas ocasións de maneira continuada, até a súa xubilación. Ao home, Antía díxeralle nalgunha ocasión da posibilidade de asistir tamén ela ás xuntanzas da editorial, en Vigo, mais a resposta era que alí as mulleres non ían.

A parella terá catro fillos –Hixinio, Antía, Antón e Beatriz– nados entre 1949 e 1957. A morte do home en 1968 será o momento máis duro da súa vida, mais, mesmo coa responsabilidade dos fillos ao seu cargo e o colexio Rosalía, Antía Cal non deixará de asistir ás Escolas d'Estiu, para afondar nunha nova formación pedagóxica que aplica no seu centro. A axuda dos pais, que se trasladan ao seu domicilio ao ela enviuvuar, resulta fundamental para que poida proseguir o seu labor de transformación no eido da pedagogía.

«Porque é soberana de si mesma, aprendo dela que cando te sentes verdadeiramente libre podes facer cesión de soberanía e compartir a túa liberdade con quen e como queiras», di M^a Xosé Porteiro de Antía Cal, a mestra que ofrece unha lección de vida en *Este camiño que fixemos xuntos*.

A finais de decembro de 2016 estreouse o documental *A palabra xusta*, dirixido por Miguel Piñeiro con Antía Cal como protagonista.



4. Científicas de primeira hora

O século XX significaría tamén o da entrada oficial das mulleres na ciencia e, en especial, nas institucións académicas como a universidade que se dedicaba a formar persoas para a investigación e a docencia. Até ese período de cambio de século non atoparemos a primeira licenciada no ámbito científico, papel que ocuparía Montserrat Carrera ao rematar coa titulación de Farmacia na Universidade de Santiago.

A situación non era fácil, nin socialmente nin sequer legalmente. O investigador Ricardo Gurriarán lembra que só en 1910 o ministro Burrel abre o libre acceso das mulleres aos estudos universitarios, no tempo en que comeza a se debater tamén o dereito ao voto feminino.

As irmáns xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega Lombán foron as primeiras mulleres que se matricularon oficialmente na Universidade. De 1913 a 1919 estiveron inscritas na Facultade de Medicina e formaron parte do equipo do doutor Nóvoa Santos, adiantado tamén é hora de contar con mulleres nos seus proxectos de investigación. As dúas irmás rematarán os estudos universitarios en Santiago mais a súa formación seguirá en Madrid.

Tamén en Farmacia se sitúa a primeira bolsreira da Facultade de Ciencias que conta cunha axuda para continuar a súa formación no estranxeiro. Trátase de Eugenia Pereira Rodríguez que viaxa a Francia en 1923 e, despois de se licenciar tamén en Químicas, convértese en xefa de laboratorio químico en Barcelona, cidade onde se porá á fronte dunha farmacia e un laboratorio.

No seu estudo, Ricardo Gurriarán sitúa como pioneiras ás galegas que formaron parte da Residencia de Estudantes dirixida por María de Maetzu como a propia Jimena Fernández de la Vega, a médica, especialista en Xinecoloxía e Puericultura, Ángela Pardo Celada, natural de Berceiré, a ourensá Paz Parada Pumar que participa en cursos nos laboratorios de Bacterioloxía e Seroloxía da JAE a química Pilar de Madariaga, a farmacéutica de Pontevedra, Marina Peña-Rey ou a xinecóloga Olimpia Valencia, a quen logo nos referiremos.

O caso das irmás Fernández de la Vega é singular en canto prolongan a súa formación, Elisa doutorándose e especializándose en Pediatría e continuando os seus estudos en Alemaña e Jimena optando pola Xenética e con formación posterior en Alemaña, Suíza e Austria e desenvolvendo tamén unha carreira científica.

A investigadora Xoana Pintor sitúa en 1930 a primeira docente da Universidade de Santiago. Trátase de Dolores Lorenzo Salgado á que seguirá en 1933 Concepción Carnero Valenzuela, como axudante de Química Orgánica. No seguinte ano, Pintor xa sitúa tres mulleres como axudantes de clases prácticas en Física Teórica e Experimental e Complementos de Física que son Antonia Ferrín Moreiras, –á que logo nos referiremos máis polo miúdo– Elisa Díaz Riva e Sara Soto Noya. Ademais de dedicarse á docencia, as tres, que eran tamén amigas persoais, ocupábanse de traballos de investigación. No curso 1933 e 1934, Celsa Pérez e M^a Teresa Fernández aparecen tamén como auxiliares na Facultade de Farmacia.

A investigadora constata que neste período 1930-1936 as mulleres comezaron a entrar no ámbito da docencia e a investigación científica na Universidade de Santiago o que implica, por outra parte, a entrada en sociedades científicas e a publicación dos seus traballos. Nomeadamente traballaban, segundo sinala, de maneira gratuíta, como profesoras auxiliares en prácticas.

«Aínda coa categoría profesional destas investigadoras, un conxunto de feitos que se desenvolveron a partir de 1936 a nivel persoal e social fixo que só unha destas mulleres chegase a desenvolver a súa vida profesional nalguna universidade. Pasarán aínda bastantes anos ata que isto ocorra e sempre en número claramente inferior a dos compañeiros varóns».

A carreira das científicas por ocupar espazos na investigación e na academia é longa e complexa. A seguir achegarémonos a algunhas das primeiras, das mulleres pioneiras que entraron na universidade e nos laboratorios, que conseguiron doutorarse e ter unha traxectoria profesional de relevancia malia os atrancos que atoparon. Mais, como o camiño foi tan complexo e cheo de atrancos, despois destas pioneiras viñeron novas xeracións de científicas que continuaban a ser excepción en facultades e centros de investigación. Por citar só algunhas delas mencionaremos a Dolores Esther Fernández, natural de Pontevedra onde naceu en 1932, que se doutorou en Químicas en 1961 coa tese *Oligoelementos en distintos tipos de chans* e se converteu na primeira muller na sección de Química do Colexio Universitario da Coruña no ano 1972. Dolores Fernández creou o grupo de Química Analítica Aplicada e traballou na calidade do aire nas áreas urbanas e industriais e en temas de contaminación. Da súa autoría naceron máis de 150 artigos científicos.

Da mesma xeración é a tamén química María Tarsy Carballas que naceu en Taboada no ano 1934. Investigadora do CSIC e asociada ao CNRS de Francia, Tarsy Carballas investigou arredor do estudo e cartografía dos solos da zona húmida con técnicas innovadoras para o estudo das substancias e materia orgánica. Creou en 1980 o Grupo de Bioquímica do Solo e adentrouse na reciclaxe de residuos orgánicos agrarios para o uso como fertilizantes ademais do estudo dos efectos dos incendios forestais nos solos e a súa recuperación.

Canda outra investigadora galega, Inmaculada Paz Andrade, ideou un sistema para predicir o risco de incendios, xestionar de maneira eficaz os recursos para extinguilos e recuperar a zona afectada. No ámbito medioambiental, as súas investigacións dirixíronse tamén á fixación do carbono no solo e a diminución da emisión de gases de efecto invernadoiro.

Con Tarsy Carballas traballou outra das científicas de intensa traxectoria que podemos considerar pioneiras. Trátase de Inmaculada Paz Andrade, natural de Pontevedra (1928) e licenciada en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Continuou a súa formación en Francia e logo en Manchester, Inglaterra para se converter na primeira profesora adxunta da USC, catedrática de Física Aplicada, primeira profesora agregada da Facultade de Química e primeira catedrática da Facultade de Física. Púxose tamén á fronte de diversos grupos de investigación e da súa autoría son máis de 260 traballos de investigación tanto no campo da microcalorimetría como dos incendios forestais. Foi a primeira muller que recibiu a Medalla de Ouro de Física da Real Sociedade Española de Física.

Achegámonos agora ás biografías dalgunhas destas mulleres pioneiras da investigación científica:

Olimpia Valencia (Baltar 1898 - Vigo 1987)

Olimpia Valencia conseguiu ser en 1925 a primeira muller licenciada de Medicina cun expediente académico coroado co premio extraordinario de licenciatura. Nacera en Baltar, na provincia de Ourense, en 1898 mais só con doce anos marchou a Vigo, cidade onde residiría fóra do seu tempo de formación universitaria, en Santiago de Compostela e Madrid. Gil Casares ou Nóvoa Santos foron algúns dos seus profesores.



«A Olimpia Valencia teríalle gustado ficar na clínica do doutor Gil Casares, onde se trataban enfermidades do pneumotórax, mais neste caso por presións familiares (naquel tempo non se xulgaba oportuno que as mulleres tratasen medicamento aos homes) e tamén por influencia dos catedráticos, que pensaban que tiña que dedicarse a cuestións relativas á maternidade, inclinouse pola especialización en Xinecoloxía»

explica Carme Pérez Pais arredor de Valencia no *Album de Mulleres*. A investigadora doutoraría-se en Madrid coa tese *Variacións da colessterina en relación coa anestesia*. En Madrid aloxaríase na Residencia de Señoritas dirixida por María de Maeztu.

Desde 1928 exerce como xinecóloga en Vigo, con consulta propia. Na cidade, establece contacto con galeguistas como Paz Andrade ou Álvaro de las Casas e o seu nome ponse á fronte do

chamamento de apoio aos candidatos galeguistas de Pontevedra en 1931 para, en 1936 posicionarse a favor do Plebiscito do Estatuto Galego.

Despois do golpe militar, en febreiro de 1937, Olimpia Valencia é detida e pasa catro días no cuartel da Garda Civil por pertencer ao Partido Galeguista e da súa relación con persoas de esquerda e galeguistas. Sae por bo comportamento e polos cartos depositados, mais a súa vida non vai ser fácil a partir de entón. Pola consulta pasan menos pacientes e Olimpia reclúese na súa profesión e na vida familiar.

Ángeles Alvariño



Natural de Serantes, Ferrol, onde naceu en 1916, a científica Ángeles Alvariño iniciaría a súa carreira no Instituto Español de Oceanografía para logo continuar as súas investigacións no Reino Unido e, fundamentalmente, nos Estados Unidos onde residiría desde 1958 até a súa morte que se produciría en La Jolla, California en 2005.

Estudosa dos ecosistemas mariños, inaugurou liñas de investigación como a análise de indicadores biolóxicos, estudando de maneira especial os quetognatos, animais mariños planctónicos aos que descubriu a utilidade para coñecer as condicións oceanográficas. Nas súas investigacións, recollidas en máis de cen publicacións, descubriu 22 novas especies planctónicas mariñas. O seu nome está incluído na Encyclopedia of World Scientist (Oakes, 2007).

Despois de estudar en Ferrol e Santiago, Alvariño inicia os seus estudos de Ciencias Naturais na Universidade de Madrid en 1934, interrompidos polo levantamento militar, que continuaría posteriormente para completar cun máster en Ciencias Sociais en 1941. O seu primeiro destino profesional será como profesora de Bioloxía, Zooloxía, Botánica e Xeoloxía en Ferrol para, despois de 1950 traballar como oceanógrafa e bióloga mariña no laboratorio oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía.

O seu traballo, pioneiro, desenvolveríase tamén en buques oceanográficos de Inglaterra, Estados Unidos ou México e realiza investigacións en centros de prestixio como a Woods Hole Oceanographic Institution de Massachusetts.

«Os Quetognatos do Atlántico. Distribución e Notas Esenciais de Sistemática» é o título da súa tese de doutoramento que presenta en Madrid en 1967. Só tres anos despois converteríase en bióloga investigadora no Southwest Fisheries Science Center para investigar arredor do plancto e os seus depredadores.

«Ánxeles pasa a ser unha muller precursora na investigación oceanográfica española e destacada científica internacional, chegou a descubrir 22 especies novas de organismos mariños, os indicadores planctónicos para correntes oceánicas e para a pesca», explica Carolina Borrazas na biografía publicada no *Album de mulleres*.

Despois da súa xubilación aínda realizou importantes investigacións e estudos como o que dedicou á expedición e Malaspina, que promoveu a Xunta de Galicia. Medalla de Prata de Galicia en 1993, unha placa réndelle homenaxe no Campus de Esteiro, en recoñecemento do seu importante labor como unha das mulleres que conseguiu ter un lugar destacado na historia da ciencia

De Ángeles Alvariño dise que foi a primeira científica do Estado que acadou prestixio mundial no ámbito da oceanografía. Con motivo do seu centenario, o Instituto Español de Oceanografía publicou o libro de Alberto González Garcés -do Centro Oceanográfico de Vigo- *titulado Ángeles Alvariño González, investigadora mariña de relevancia mundial*, é obra do investigador do Centro Oceanográfico de Vigo Alberto González-Garcés. Xa en 2012 o IOE dedicáralle un dos seus buques, en recoñecemento do seu papel na investigación oceanográfica.

Antonia Ferrín Moreiras

Antonia Ferrín Moreiras naceu en maio de 1914 no Carballiño, onde seu pai era mestre de escola. Xa de nena a familia trasládase para Santiago de Compostela, pola vontade do pai e da nai para que as catro irmás continúen os seus estudos.

Desde moi nova, encamiñou a súa formación cara ás ciencias e esa foi a súa opción no Bacharelato até que en 1930 inicia os estudos universitarios na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela na única especialidade que entón ofertaba, que era a de Químicas. Nada máis obter a titulación, Antonia Ferrín comeza a súa vida laboral como axudante interina na Sección de Ciencias, traballo que compaxina cos estudos de Matemáticas ademais de dar clases particulares e colaborar na sección de Ciencias no Instituto Xelmírez, un amplo número de actividades ao que non tardarían en sumarse a de profesora no Colexio de Nosa Señora dos Remedios.

Despois do levantamento militar, Antonia Ferrín é vítima dunha denuncia anónima pola que lle abren un expediente de depuración que a inhabilita para cargos directivos e de confianza o que inclúe a prohibición de impartir aulas no instituto. Tres anos despois é rehabilitada e volve á docencia na Facultade de Ciencias.

Antonia Ferrín ía sumar diversas titulacións a aquela primeira de Ciencias. Licenciouse en Farmacia, en Maxisterio e en Ciencias Exactas, esta última a distancia pola Universidade Central de Madrid. Cos profesores Enrique Vidal Abascal e Ramón María Aller continúa a súa formación e adéntrase no ámbito da Astronomía, especialidade á que dedicará as súas investigacións.

Desde o Consello Superior de Investigacións Científicas, no que gozará dunha bolsa, pasará ao Observatorio Astronómico de Santiago nunha intensa colaboración científica con Ramón

María Aller. Ferrín doutorárase entre o 1954 e 1956 en Astronomía en Madrid, unha vez convertida xa en profesora numeraria de Matemáticas na Escola de Maxisterio de Santander da que se trasladará á Escola Normal Feminina *Isabel la Católica* de Santiago de Compostela.

«No Observatorio efectuou medidas micrométricas de estrelas dobres, observou pasos de estrelas por dúas verticais e ocultacións de estrelas pola Lúa», explica Matilde Ríos na súa biografía publicada no *Álbum de mulleres*. O propio Ramón María Aller constata nas súas publicacións que é Antonia Ferrín quen fai os cálculos dos proxectos.

A súa será a primeira tese presentada na Facultade de Matemáticas da USC co título *Observaciones de pasos por dos verticales*. En 1964 inicia a súa última etapa profesional como Catedrática Numeraria de Matemáticas da Escola Feminina de Maxisterio Santa María da Universidade Central de Madrid, onde se xubilou en 1984. Morreu o 6 de agosto de 2009.

María Wonenburger Planells



Natural de Montrove, Oleiros, onde naceu en 1927, só moi recentemente a figura da matemática María Wonenburger é coñecida no seu país de orixe. Como ocorre con case todas as científicas, os seus nomes e os seus logros quedan á marxe do coñecemento público e, no caso que nos toca o feito de ter desenvolvido os seus traballos de investigación fundamentalmente nos Estados Unidos e Canadá tampouco contribuíu a que o seu nome tivese durante algún tempo moita repercusión entre nós.

No entanto, María Wonenburger é, sen dúbida, unha científica de primeira liña, autora de importantes descubertas de especial relevancia na historia das matemáticas. María estudou no Instituto Eusebio da Guarda, filla dunha familia de empresarios que posuía unha fundación na Coruña, de orixe alsaciana por parte de pai –seu tatarabó– e valenciana por parte de nai. Licenciouse en Matemáticas na Universidade Central de Madrid, en 1950 e os profesores Germán Ancochea e Tomás Rodríguez dirixiron a tese coa que se doutorou.

Cunha Bolsa Fulbright, unha das primeiras concedidas, continuou a súa formación na Universidade de Yale, iniciando a súa traxectoria nos Estados Unidos da man do recoñecido alxebrista Nathan Jacobson con quen elabora unha tese doutoral sobre teoría de grupos que remata en 1957. Despois regresaría un período de tres anos ao Estado español para traballar como investigadora no Consello Superior de Investigacións Científicas para regresar en 1960 a Ontario, cunha bolsa de estudos da Universidade de Toronto. A teoría dos grupos e a teoría de álgebras de Lie está no centro da súa investigación, ademais do automorfismo dos grupos de semellanzas.

María Wonenburger regresa aos Estados Unidos en 1966 para estar un ano como profesora e investigadora na Universidade de Buffalo, antes de marchar, o seguinte ano, á Universidade de Indiana na que xa se instalaría cunha praza definitiva que ocupa até o 1983, ano en que volta á Coruña pola enfermidade da súa nai e abandona o mundo académico.

En 2007 a Unidade Muller e Ciencia da Xunta de Galicia creou o premio María Wonenburger para recoñecer o traballo das mulleres galegas no ámbito científico e tecnolóxico. En Oleiros, o seu concello natal, un parque leva o seu nome desde 2012.

A Comisión de Igualdade do Consello da Cultura dedícalle en 2011 unha xornada e a publicación dunha *Cartografía* con importantísima documentación sobre María Wonenburger, biográfica e tamén arredor das súas investigacións

Da *Cartografía* preparada por Carme Adán, recollemos a presentación por se tratar dun texto que explica a dimensión da figura de María Wonenburger:

«Os ollos de María Wonenburger deixan ver a luz e a forza que sempre acompañaron esta muller. Unha persoa ben particular, que viviu coa paixón que provoca o mundo das matemáticas en sensibilidades como a dela. O seu percorrido vital demostra unha gran valía persoal e científica. Singular estudante, lonxe da súa familia e da súa terra. Primeira bolseira Fullbright de Matemáticas en España. Doutora en Yale. O seu esforzo por chegar a ser unha investigadora e docente universitaria, sempre consciente dos obstáculos para o poder conseguir no seu país, foi axiña recompensado: no Canadá foi a única muller docente e nos EE UU gañou nos anos 70 do século XX o posto de *Full Professor* (equivalente a catedrática). Ao ser unha muller nacida no ano 1927, pasou extraordinarias dificultades para atinxir as súas metas, que non eran máis que traballar e vivir do que máis lle gustaba: ensinar e investigar as matemáticas. A súa partida cara a Madrid na posguerra, a viaxe en barco aos Estados Unidos, os atrancos que atopou para se establecer alá, o seu periplo por varias universidades americanas ata a súa renuncia final por motivos persoais: todo en conxunto móstranos a coraxe dunha persoa á que lle tocou vivir tempos escuros para a ciencia en Estado español, tempos difíciles para as mulleres que querían escapar do destino imposto. Triunfou pola súa intelixencia e pola súa constancia, mais quedoulle o resaibo amargo de non poder traballar no seu país.

Wonenburger é unha destacada alxebrista, coñecida por marcar os primeiros pasos da chamada teoría de Kac-Moody, que co andar dos anos chegaría a desempeñar un papel importante nas matemáticas e na física. Ten un brillante currículo investigador e docente, reflectido nunha chea de publicacións. Unha vida profesional moderna como a que agora desexa levar a cabo a mocidade investigadora, mais inusual na súa época. Na ciencia e na cultura son tan importantes as conquistas alcanzadas como as persoas que as conseguen. Por iso o saber e a traxectoria de María Wonenburger espertan a simpatía polas matemáticas, mesmo en quen as considera disciplina complicada. A vida académica e científica de María rompeu con todos os modelos; o seu proceder, nada habitual, aínda hoxe sería vangardista e arriscado; a inqueda, a constancia e a decisión son un reflexo da súa calidade persoal. Quen coñece esta muller culta, incansable lectora, de ollar amigable, melómana, deportista e amante do mar, admira a súa vontade de ser feliz e o enriquecedora que resulta a súa compañía. Unha gran muller nun corpo miúdo. Resulta inexplicable que se puidese estar tan preto dela sen o saber. O pobo galego e a comunidade científica española coñeceron a María Wonenburger hai aínda pouco tempo, logo da publicación da súa biografía no ano 2006. Porén a magnitude do tesouro achado é tal que levou ás sociedades científicas e ás institucións, primeiro, a abraiarse de ter cerca unha figura mundial das matemáticas; despois, a outorgarlle un recoñecemento máis que merecido».

5. Mulleres resistentes e loitadoras

O relato histórico en poucas ocasións sitúa as mulleres como protagonistas de loitas, mais, se nos achegamos a algún dos acontecementos do século anterior en que cumpriu defender dereitos sociais e políticos non nos será difícil atopar nomes de mulleres resistentes e loitadoras para recuperar na nosa memoria. Acontece nos movementos que se desenvolveron no noso territorio como as loitas agrarias, de defensa dos dereitos nacionais ou sindicais -ademais, claro está, do propio feminismo- mais tamén atopamos nomes de galegas que se puxeron á fronte de loitas na defensa da liberdade lonxe da nosa terra como no caso das Nais da Praza de Maio en Arxentina ou na resistencia francesa contra os nazis.

Nomes como María Castaña, Pepa a Loba ou María Pita son algúns dos que, atoparíamos como míticas loitadoras que deixaron pegada na memoria. A finais do século XIV María Castaña púxose á fronte dunha revolta contra o señor feudal Pedro López de Aguiar, bispo de Lugo. María Pita é a heroína da Coruña que participou na defensa da cidade fronte a flota inglesa con Drake á cabeza en 1589. Finalmente, Pepa a Loba é unha figura na que lenda e realidade se mesturan para deixar á historia a memoria dunha muller bandoleira que roubaba a caciques e cregos para lle dar a persoas necesitadas.

Amais de personaxes históricas de forza individual case mítica, as mulleres partillaron das principais loitas agrarias, sindicais e políticas do pasado século aínda que, maiormente, neste caso de forma colectiva e sen claros liderados que fixesen transcender os seus nomes.

En canto ás loitas agrarias, cómpre destacar a participación nas batallas pola abolición dos foros de comezos do século XX. Entre elas, podemos sinalar o nome de Carme Álvarez, do Directorio de Teis, que animaba ás mulleres a se uniren á loita.

Máis de cen anos das loitadoras de Nebra

Mais, se de mulleres que se comprometeron na defensa dos seus dereitos falamos, un episodio merece especial atención. Aconteceu o 12 de outubro de 1916, unha xornada en que trescentos

homes e mulleres, convocados pola Liga Agraria expuseron a súa vida enfrontándose á Garda Civil na ponte de Cans na súa loita pola xustiza, contra o embargo dunha vaca a un veciño por lle cobrar un imposto especial. Ramona Suárez, Xenerosa Vidal, Rosa Cadórniga e Francisca Carou, ademais de Antonio Sobrado Luaces, son asasinadas naqueles acontecementos que o *Diario de Galicia* recolle o 15-10-1916 desta maneira:

«acuciados pola fame, afitos de sofrer toda clase de vexames, resistíronse os veciños do Son a cumprir cos imperativos categóricos da lei escrita, dunha lei aplicada polos que lles lanzaron a opoñer a máis desesperada resistencia aos seus mandatos. Tras dez anos de miseria pola falta de pesca, uns homes constituídos en administradores comunais quixeron facerlles chegar os despilfarros cometidos, facendo un reparto veciñal do déficit».

Cada ano, en Nebra lémbrense ás mártires que deron a súa vida na defensa da xustiza, unha historia que Xerardo Díaz relatou polo miúdo no seu libro *Nebra, historia dunha infamia*, publicado por Edicións do Castro.

Arredor dos acontecementos de Nebra recomendamos a lectura dos seguintes textos:

F. CAROU: *As mártires de Nebra, un século do massacre*.

<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/martires-nebra-seculo-loita/20161011150058051871.html>

Manuel MERA : *Nebra, historia dunha infamia*.

<http://www.sermosgaliza.gal/opinion/manuel-mera/nebra-historia-dunha-infamia/20161003233236051654.html>

Francisco RODRÍGUEZ: *Nebra no horizonte, unha traxedia sintomática*.

<http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=4268&seccion=4>

As dúas asasinadas de Oseira e as catro de Sofán

Unha nena de catorce anos e unha muller preñada estaban entre as sete persoas asasinadas pola Garda Civil en Oseira en 1909. A veciñanza enfrontábase á decisión da Igrexa e o Estado de trasladar o baldaquino barroco do século XVII. A defensa do pobo do seu tesouro levou a que o propio bispo reclamase a presenza da Garda Civil nun episodio que deixou pegada no seu momento na obra de Murguía ou Blanco Amor.

Tamén a mans da Garda Civil foron asasinadas catro mulleres en 1918 en Sofán, parroquia de Carballo cando a veciñanza se enfrontaba ao poder caciquil arredor da construción do novo cemiterio. As asasinadas foron María Caamaño Pallas, Carmen Veira Souto, María Serrano Paz e Josefa Bolón Mato.

Xan Fraga relata o acontecemento no seguinte artigo publicado en *Terra e Tempo* que recolemos na súa integridade:

Mártires de Sofán no esquecemento, por Xan FRAGA

Sempre que paso pola parroquia carballesa de Sofán lémbrome das súas mártires que seguen no esquecemento oficial. Sofán é unha parroquia que ata a primeira década do século XX era a máis poboada

da do concello de Carballo, máis incluso que a propia capital municipal. Sabido é que o movemento agrarista ligado ao galeguismo prendeu en Bergantiños onde sobresaen Ramón San Luís Romero ou Castor Monteagudo ademais do propio poeta zapateiro Xesús San Luís Romero quen na súa obra O Fidalgo arremete contra o caciquismo e clientelismo da Restauración.

A gripe de 1918, moi estendida pola primeira guerra mundial (1914-1918) foi a máis mortal do século causando millóns de mortos, segundo as fontes falase de 25 a 40 millón en todo o mundo. Neste contexto no concello decídese a construción dun novo cemiterio, incentivado polos sectores caciquís do poder, ligado aos irmáns Regueiro Vázquez, Manuel (médico) e Andrés (notario) orixinarios do Taramboio (Sofán) e pola súa vez servís do deputado Del Moral, da casa da condesa de Torre Penela. Exemplo da política corrupta e clientelar da Restauración.

A maioría dos veciños opóñense á construción do novo cemiterio e prefíren a ampliación do vello. A Xunta Local de Sanidade (Manuel Regueiro) e o concello clausuran o cemiterio vello en novembro de 1918. A xente non está conforme e segue enterrando os mortos no cemiterio vello ata que estala o conflito o domingo 16 de febreiro de 1919 en que se ía enterrar a un neno de catro anos. A Garda Civil, con algún matóns ao servizo dos caciques, intenta parar a comitiva fúnebre mais a poboación opónse e a resposta da Garda Civil foi salvaxe sendo o resultado catro mulleres mortas e varios feridos. As asasinadas foron: María Caamaño Pallas, que tiña sete fillos e estaba embarazada, Carmen Veira Souto, con catro fillos, María Serrano Paz e Josefa Bolón Mato.

Houbo moitas protestas, intentouse facer manifestación en Carballo que o poder caciquil impediu, pero si se fixeron na Coruña a pesar de que moitos carballese non puideron ir pois o terror apoderouse da capital de Bergantiños. Nos locais da Irmandade da Fala da Coruña celebrouse un mitin onde faláron entre outros Peña Novo, Vilar Ponte, Blanco Torres e Casares Quiroga. O periódico galeguista A Nosa Terra recolle a información moi crítica en diversos números solidarizándose coas vítimas mais tamén lamentando que os labregos non puxesen máis enerxías en loitar contra o caciquismo e outros problemas máis graves que o do cemiterio ou o baldaquino no caso de Oseira. Lembremos a Castela que recolle no seu Album Nós os feitos de Oseira (1909), Nebra (1916) e Sofán. Tamén o fai en Memorias dun esqueleto (Céltiga, 1922).

O concello de Carballo na II República, en 1932 sendo alcalde Francisco Bolón propuxo construír un monumento ás mártires de Sofán por subscripción popular, comezando o propio concello cunha cantidade determinada. No mesmo ano en Sobredo, Guillarei (Tui) o escultor Camilo Nogueira realiza o monumento homenaxe ás vítimas dese pobo noutro conflito agrarista (1922) polo impago dos foros. En Carballo despois no bienio negro paralizouse a iniciativa e logo a máis negra ditadura franquista imposibilitou levar a cabo esa homenaxe. E onte? E hoxe?. Quen se acorda de Sofán das mártires?

Cándida, mártir de Sobredo

Cándida Rodríguez, veciña da parroquia de Pazos de Reis é unha das tres persoas asasinadas en Sobredo nun acontecemento en que outras sete resultaron feirdas de balas disparadas pola Garda Civil ao disolver a concentración de máis de dúas mil persoas que se opoñían ao que lles esixían a labregos e labregas pola terra que traballaban. De varias parroquias da comarca respondera a xente á chamada de badaladas e foguetes para participaren na protesta en solidariedade cun veciño de Sobredo ao que lle querían embargar as terras por se negar a pagar o foro ao seu rendista.

Cada ano, lémbrese en Sobredo ás tres persoas mártires e unha asociación recupera a memoria do levantamento veciñal e labrego contra o roubo a quen traballa a terra. No seguinte blog pódese atopar información sobre este feito histórico e a recuperación da súa memoria:

<http://martiresdesobredo.blogspot.com.es/>

A escritora e directora do Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo, Marga do Val, atópase na seguinte entrevista coas bisnetas de Cándida Rodríguez:

<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/candida-rodriguez-gonzalez-martir-sobredo/20151129190709042824.html>

Despois da fin do franquismo

As mulleres participaron na loita activa contra a ditadura franquista, formando parte da guerrilla e foron protagonistas tamén do movemento agrario e dos máis relevantes acontecementos de defensa da terra, en especial nas loitas polo dereito á producir e as mobilizacións contra as cotas agrarias.

Tres topónimos evócannos directamente tres loitas nas que as mulleres tiveron protagonismo despois de rematado o franquismo. Trátase de Xove, Baldaio e As Encrobas.

As mobilizacións sociais de Xove plantábanlle cara á pretensión de Unión Fenosa de instalar na localidade unha central nuclear. As mulleres puxéronse á fronte das mobilizacións e durante catro días manifestáronse contra un proxecto que, finalmente, non chegou ao seu fin.

A defensa da marisma de Baldaio a finais dos anos setenta tivo tamén nas mulleres boa parte da súa forza para a loita con nomes como o de Oliva Pose e as mariscadoras que foron detidas cando estaban a traballar na praia daquela vedada á extracción.

Cando a empresa Limeisa, filial de Unión Fenosa, quere expropiar a baixo prezo as terras da veciñanza amparándose nun expediente aprobado polo consello de ministros de Franco, iniciábase nas Encrobas unha das loitas máis relevantes do pasado século, unha mobilización veciñal que ficará na memoria cunha intensa participación das mulleres labregas.

Na seguinte ligazón do *Album das Mulleres* atopamos a interpretación da participación das mulleres na mobilización das Encrobas elaborada pola antropóloga Nieves Herrero:

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=228>

«No conflito das Encrobas o que estaba en xogo era a representación e defensa da «casa» e das propiedades no espazo público, algo que, en principio, lles correspondía aos homes. A presenza de moitas mulleres e anciáns nos enfrontamentos explícase polo feito de que os homes de moitas casas estaban cumprindo co seu horario laboral fóra da unidade doméstica. Ademais, situar as mulleres en primeira fila da resistencia no enfrontamento é unha estratexia que aproveita a representación machista delas como «sexo débil» e coa que se espera minimizar a forza represora da Garda Civil», explica Herrero.

As guerrilleiras contra o franquismo

Foron moitas as mulleres que sufriron represión despois do levantamento militar de 1936 pola defensa dos seus ideais de liberdade e xustiza. Presas, exiliadas, asasinadas ou perseguidas, as mulleres sufriron tamén un inmenso silenciamento e os seus nomes desapareceron do relato histórico. Traballos como os de Aurora Marco, Carme Blanco ou Montse Fajardo contribúen a dar luz sobre a súa memoria.

Canda elas, iniciativas institucionais como as desenvolvidas fundamentalmente en 2006 e 2007 pola Xunta de Galiza a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da que estaba a cargo Luís Bará, foron fundamentais á hora de promover o estudo, a homenaxe e a difusión da súa memoria.

Daquel tempo é a primeira homenaxe institucional ás mulleres resistentes que padeceron a represión despois de 1936, as xornadas *Muller e Memoria* na Illa de San Simón ou infinidade de iniciativas que tiveron lugar arredor das conmemoracións da memoria coas mulleres como protagonistas.

Iniciativas como o proxecto *Nomes e Voces* nacido entón dun convenio da Consellaría de Cultura e Deporte coas tres universidades galegas foi de singular relevancia para investigar e dar a coñecer a participación das mulleres na resistencia contra o franquismo.

A seguir, recollemos o texto de presentación do especial sobre a represión desde o punto de vista de xénero:

A muller na defensa da República

A presenza da muller na vida política republicana discorreu máis discretamente que a dos homes, cuns reducidos niveis de participación política e social a pesar dos avances que supuxo a experiencia republicana. Aínda así, houbo mulleres sancionadas tralo golpe de estado por actos de auxilio a fuxidos ou de «ofensa» ou «inxurias» ás forzas de orde. Moitas das acusadas por estes motivos acabaron en execucións extraxudiciais.

Alentar a «revoltosos», transportar armas, municións, alimentos, novas, servir de enlaces, actuar como enfermeiras, participar nalgunhas requisas e contadísimos saqueos, confeccionar brazaletes para identificar aos milicianos, estar presentes no intre en que se cortaban estradas...

Estas foron as funcións desempeñadas polas mulleres na resistencia na Coruña, Ferrol, Mugardos, Betanzos, Negreira, Ribadeo, Ourense, Vigo...

Por agochar a un fuxido buscado polos tribunais de guerra foi executada Erundina Álvarez Pérez en Ourense; por un cúmulo de acusacións incoexas foi condenada a morte Consuelo Alonso González en Lugo; a Amada García Rodríguez executábase en Ferrol polos seus antecedentes «extremistas».

O elemento fundamental que explica a reducida presenza da muller como represaliada correspóndese coa escasa participación pública durante a etapa republicana en Galicia, tanto desde o punto de vista da militancia activa en organizacións políticas de signo esquerdista como no desempeño de cargos públicos de elección. Esta menor presenza no ámbito público é tamén evidente na esporádica participación nos episodios de resistencia no territorio galego e aínda así un 17% do total de vítimas morreu en tales circunstancias».

Mais, falar de mulleres resistentes e loitadoras, obríganos a nos dirixir á guerrilla antifranquista cunha importante implicación feminina até agora escasamente recoñecida. Neste sentido, é fundamental a obra de Aurora Marco *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Laivento, 2013) na que sostén a participación activa nas guerrillas das mulleres, accións que respondían, ao seu ver, a súa resistencia política. «Os golpistas chamábanlles as queridas dos bandoleiros. E exercían sobre elas unha sorte de represión que engadía á absoluta brutalidade empregada cos homes un elemento patriarcal, do que a máxima expresión era o abuso sexual. Querían escarmentar a unha caste de mulleres que desafiaban o réxime coa súa liberdade. Que transgredían o rol tradicional na que o franquismo quixera confinalas», sinala.

Unha das historias que Aurora Marco recolle no seu libro é a biografía de Consuelo Rodríguez López, Chelo, nacida en 1919 en Soulecín, no Barco de Valdeorras. Foi guerrilleira antifranquista e combateu desde a 1ª Agrupación da Federación de Guerrillas León- Galicia. Cando tiña vinte anos, viu como o seu pai, Domingo Rodríguez e a súa nai, Amalia López foron fusilados en Soulecín deixando orfa unha familia especialmente represaliada con catro irmás que tiveron que fuxir ao monte onde caerían en combate. Chelo e a súa irmá Antonia Rodríguez López formaron parte do servizo de información da República como enlaces coa guerrilla e foron encarceradas no Barco, Ponferrada e León. As dúas irmás fuxiron ao monte, na Cidade da Selva en Valdeorras, e alí continuaron o seu traballo na guerrilla até que decidiron fuxir en xullo de 1946 ao verse rodeadas polo exército franquista. En 1949 consegue exiliarse en Francia, onde aínda continúa.

Chelo foi a primeira guerrilleira que foi homenaxeada de maneira oficial pola Xunta de Galicia, sendo recibida polo vicepresidente Anxo Quintana e a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo nun acto que tivo lugar na sede de San Caetano. Josefa Escourido, Carmen Temprano ou Celia González son outras das guerrilleiras que recolle Aurora Marco no seu estudo *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Laivento, 2011)

A reivindicación do feminismo

Mais as mulleres non só se implicaron en loitas como a resistencia contra os foros ou contra o franquismo. Tiveron tamén que defender os seus propios dereitos como mulleres e así se articula a historia recente do feminismo en Galiza, artellada a través de organizacións de seu, e tamén de seccións dentro de sindicatos e partidos como maneira de impregnar a loita feminista en todos os ámbitos de reivindicación.

Para nos achegarmos á historia do movemento feminista na Galiza desde os avances do sufragismo até a organización en agrupacións feministas dos anos setenta e oitenta para achegar ás novas reivindicacións e fitos da loita das mulleres no posfranquismo recomendamos a liña do tempo e o estudo que adxuntamos en pdf elaborado pola Fundación Galiza Sempre que se pode atopar na seguinte ligazón:

<http://www.galizasempre.org/microsites/feminismo-galego/#>

A conmemoración do 8 de marzo ten unha marca especial no calendario do feminismo que se recolle na súa historia neste enlace do *Album de Mulleres*:

http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=207

No mesmo portal podemos achegarnos a corenta anos de reivindicación do aborto polo movemento feminista, un dos eixos da loita recente na reivindicación de dereitos das mulleres:

http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=1006

A recuperación da historia das mulleres veu tamén do feminismo e estas dúas publicacións manteñen ese obxectivo e contan na actualidade con presenza na rede:

Revista Andaina. <https://revistandaina.wordpress.com/>

Revista Festa da Palabra Silenciada. <http://www.festadapalabrasilenciada.org/>

Recomendamos tamén a consulta deste traballo de recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia desenvolvido pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega:

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2013_Recuperacion-da-documentacion-e-memoria-do-Movemento-Feminista-Organizado-en-Galicia.pdf

Memoria de combatentes


Mulleres galegas participaron como protagonistas en distintos combates pola liberdade, algúns deles desenvolvidos lonxe da nosa terra. Pepa Noia, María Araújo, Mercedes Núñez, Joaquina Dorado ou Placeres Castellano son exemplos de galegas que loitaron pola xustiza e a liberdade lonxe do seu país de orixe.

Pepa Noia

Os nervios levárona a ser a primeira muller en chegar á Praza de Maio aquel día no que ía nacer o movemento das nais que reclamaba verdade e xustiza pola desaparición de seus fillos e fillas pola ditadura arxentina. Pepa Noia (1921-2015), de orixe galega, iniciaba entón case corenta anos de busca e loita que só rematan agora, coa súa morte en Bos Aires.

Nacera en 1921 e o seu verdadeiro nome era Josefina García, mais, para sempre foi coñecida como Pepa Noia. O seu outro nacemento acontecería en outubro de 1976, cando desaparece a súa filla María Lourdes canda o seu compañeiro. Desde entón, Pepa Noia iniciaría a súa segunda vida, na busca incesante da súa filla e da verdade e a xustiza a través das Nais da Praza de Maio. A primeira que chegou á ronda que botaría a andar aquel movemento de mulleres en Arxentina, Pepa Noia, era filla da emigración, e tanto a súa nai como o seu pai eran orixinarios de Ourense.

Noia era o apelido do seu home, Juan Carlos Noia, co que tivo catro fillos. A terceira era María Lourdes, psicóloga e profesora que tiña en 1976 un fillo de ano e medio ao que Pepa con-



tribuía a criar. Desde o primeiro día da súa ausencia, Pepa Noia comezou unha busca que non remataría nunca, primeiro en solitario, logo sumando forzas e emocións con outras nais, saíndo a rúa e reclamando xustiza para toda aquela mocidade que a ditadura dera en desaparecer.

O 30 de abril de 1977 Pepa Noia foi a primeira en chegar á Praza de Maio para iniciar as rondas que se prolongarían durante tanto tempo. «Cheguei moi cedo, dúas horas antes da hora que acordamos. Non podía durmir en toda a noite. Fun á praza, non había un alma. Eran as pombas e eu. Un anaco despois chegaron as outras mams. Había unha moza que non quixo dar o

nome. (...) comezamos a dar as voltas porque non podiamos ficar quietas, os policías facíanos camiñar», explicou nunha das múltiples entrevistas nas que relatou a orixe dun movemento que levou ás mulleres á rúa, do ámbito familiar ao político.

Membro do movemento, despois da escisión na Liña Fundadora, até o fin do seus días, infelizmente Pepa Noia pouco puido averiguar do destino final de María Lourdes. Confesaba que por momentos, soñaba ser a «feiticeira» do coñecido programa televisivo que movía o nariz e os desexos se cumprían. No seu caso, impúñase un sobre todos, recuperar a súa filla, mais, malia a loita, nunca se había de cumprir.

Nos últimos anos, Pepa Noia recibiu moitos recoñecementos, entre eles, foi nomeada Cidadá Ilustre da Cidade de Bos Aires e arredor dela o investigador Enrique Arrosagaray escribiu o libro . *Josefina Pepa de Noia. Una Madre de primera hora*, publicado en 2011.

«Ese sábado 30 de abril de 1977 chegou á praza dúas horas antes, de ansiosa. Deu voltas, agardou, mirou, deu máis voltas. Cando eran as catro e media atopouse con outras trece a un costado da Pirámide, preto da rúa Ribadavia. Non soubo ese día que en torno de Azucena Villaflor facían nacer unha das organizacións humanitarias máis valiosas na historia mundial», escribiu Arrosagaray daquela nai de primeira hora, a primeira en chegar e a derradeira en marchar dunha loita que se implicou durante case corenta anos.

Mercedes Núñez

Nada facía presaxiar que a filla do bergondés afincado en Barcelona Xosé Núñez Otero e a catalá Ángela Guitart ía ter que enfrontarse á represión dun cárcere franquista e un campo de concentración nazi. Nacida en 1911, Mercedes Núñez afíliase de nova ás Xuventudes Socialistas



e no 1936, ano da súa creación, ao PSUC. Para o partido traballaría na sede da Pedrera e desenvolvería tamén labores administrativos no consulado de Chile cando Pablo Neruda estaba á súa fronte. Cando Barcelona está asediada polos golpistas, Mercedes foxe a Galiza, convencida de que as súas orixes serían o acaído acubillo para salvarse da represión. Trabúcase na decisión e en 1939 detéñena na rúa Real da Coruña, pasa polo cárcere de Betanzos e A Coruña até ingresar no madrileño penal de Ventas o 7 de marzo de 1940. Na súa condena consta a acusación de «axuda á rebelión».

Por un erro no procedemento, sae en liberdade o 19 de xaneiro de 1942 e promete non volver pisar un cárcere de Franco. A experiencia é tan dura que marcará toda a súa vida e dela deixará constancia no libro *Cárcere de Ventas* (Col. Mulleres, A Nosa Terra), escrito no seu exilio de París. Pero antes, Mercedes volverá vivir moi preto do inferno. Atravesada a fronteira con Francia, convértese en enlace da resistencia até que é novamente detida e comeza a terrible peregrinaxe que a levará ao campo de concentración de Ravensbrück, o terrorífico destino onde máis de cen mil mulleres pasaron os días peores da súa vida e unhas noventa mil atoparon alí a fin das súas biografías.

En Ravensbrück Mercedes vive á beira da morte, intentando sobrevivir cada día ás duras condicións do campo nazi, ao terrorífico appel (horas interminables en posición de firmes á intemperie), á fame e ás torturas que facían cada día efecto nos corpos das mulleres. Destinada a unha fábrica de armamento, Mercedes ten aínda forzas para sabotar o proceso de produción, coa idea de gañar terreo para unha guerra da que ela aínda se sente combatente. A liberación colle a Mercedes Núñez na enfermaría, xusto nos días en que se prevía o seu traslado á cámara de gas. Lembra ela como moitos dos deportados agardaron ese día co último fío de vida para morrer en canto se sentiron liberados. Non foi o seu caso, Mercedes sae do horror nazi e, des-

pois de pasar por varios sanatorios e centros de repouso, continúa o seu exilio en París, xunto co republicano Medardo Iglesias, co que tería o seu fillo Pablo, nacido tamén como exemplo da súa resistencia, cando todos os médicos desaconsellaban polo seu estado de saúde que quedase preñada. Sobre o terror do campo de Ravensbrück escribiría Mercedes Núñez o libro en catalán *Els carretó dels gossos*, un exemplo de literatura memorialística concentracionaria.

O exilio de Mercedes só remata coa morte de Franco; é entón cando atravesada de novo a fronteira e vive primeiro ducabalo entre Barcelona e Galiza, para instalarse definitivamente en Vigo, onde pasaría os últimos anos da súa vida. Tanto na súa estadía en París como no regreso á terra, Mercedes continuaría coa súa militancia comunista, traballando de xeito activo tanto en campañas como na actividade habitual da organización. Como representante en Galiza da asociación Amical de Mauthausen (creada na clandestinidade en 1962) percorre centros de ensino e asociacións contando a súa experiencia no campo en actos en que proxecta a película *Noite e néboa* de Renais. A loita de Mercedes é agora para que nunca máis se repita todo o que ela viviu. Aos poucos, tarefa súa será tamén ir recolectando os nomes dos galegos que estiveron nos campos de concentración. Morre en Vigo o 4 de agosto de 1986 sen conseguir que as institucións galegas recoñecesen o papel dos deportados pero despois de ter contribuído coma ninguén a que a verdade e a xustiza triunfasen sobre o exterminio que ela coñecera tan de cerca.

María Araújo

Natural de Carril, onde naceu o 28 de outubro de 1904, María Araújo viaxaría con só dous anos á Habana xunto cos seus pais emigrantes, onde, de moi nova casa co galego Ángel Carcaño. María regresa a Galiza con dous fillos pequenos cos que logo se reuniría en 1932 Carcaño que, desde Vigo, onde se instalan, continúa no seu traballo no mar enrolándose nun pesqueiro.

María, pola súa parte, convértese en delegada sindical da fábrica de conservas na que traballa nunha organización de traballadoras na que participaban milleiros de mulleres do sector. Desde o seu traballo sindical, loitou polos dereitos das mulleres no mundo laboral, en especial, pola igualdade de salarios. «Anxo era secretario xeral do sindicato de mariñeiros de Vigo, e a min, na fábrica de conservas, tamén me elixiron delegada sindical e comecei a presentar necesidades, dereitos: estantes ou armarios individuais para gardar a roupa, garderías para os nenos, atención ás preñadas... alí traballaban fundamentalmente mulleres. E o grego (dono da empresa) tratou de despedirme. Fixo todo o que puido, mais a oposición das miñas compañeiras impediuno», explicou María Arauxo daquel tempo nunha entrevista ao escritor Xosé Neira Vilas.

Despois do levantamento militar, María pasou á clandestinidade e fuxiu polo monte e por casas da comarca até que Carcaño é detido durante un tempo aínda que, posteriormente, logra marchar para Cuba. «Aquilo foi espantoso. Estabamos cara a cara coa realidade máis violenta do fascismo. Carcaño e eu pasamos á clandestinidade... Ao principio fomos ao monte. Organizamos un grupo de «fuxitivos» que se internaban nunha zona montañosa de Redondela», explicoulle a Neira Vilas.

María resulta tamén apresada acusada de participar no grupo guerrilleiro que operaba en Redondela e vai á cadea coa súa nena pequena Dora, que nacera en 1935.

A intermediación do cónsul cubano consegue que María Arauxo quede en liberdade en 1944, situación que aproveita para marchar de novo a Cuba no vapor Marqués de Comillas xunto coas súas dúas fillas. En Cuba, María participa na loita contra Batista e no apoio do Movemento 26 de Xullo participando activamente na revolución cubana. Foi activa na organización da Federación de Mulleres Cubanas e fundou un Comité de Defensa da Revolución ademais de desenvolver numerosas tarefas de apoio como labores de alfabetización, formou parte das milicias populares...

A María outorgáronlle en Cuba diversos galardóns como a medalla de honra da Federación de Mulleres Cubanas. Emporiso, o máis significativo sen dúbida foi a Orde Ana Betancourt (nome dunha valiosa combatente mambisa que destacou no século pasado durante a loita independentista). A medalla correspondente impúxolla Fidel Castro, en acto solemne, en agosto de 1975. Foi merecente tamén da medalla de honra da Federación de Mulleres Cubanas. Morreu na Habana o 26 de decembro de 1989.

Joaquina Dorado Pita

Naceu na Coruña o 25 de xuño de 1917, hai agora cen anos e residiu nos últimos anos da súa en Barcelona, cidade á que emigrou en 1934. Na capital catalá fíxose tapiceira e vernizadora e afiliouse ao Sindicato da Madeira e a Decoración da Confederación Nacional do Traballo (CNT).

Formou parte do Comité de Defensa do Centro de Barcelona contra o levantamento fascista en 1936 e das Xuventudes Libertarias del Poble Sec e en 1939 exiliouse a Francia pasando polo campo de internamento de Briançon de onde conseguiu fuxir. En Montpellier e Toulouse reconstruíu o Sindicato da Madeira e participou na reorganización das Xuventudes Libertarias en París. Canda o seu compañeiro, Liberto Sarrau integrou o Movemento Libertario de Resistencia que fixo varias accións clandestinas na Península. Canda Sarrau foi apresada en 1948 pasando polos calabozos da xefatura de Via Laietana en Barcelona e ingresando na prisión provincial de Las Cortes. Nos calabozos, Joaquina Dorado sufriu torturas en varias ocasións. Saiu en liberdade condicional en 1949, despois de ter sido condenada a quince anos por auxilio á rebelión nun consello de guerra que logo foi anulado. Malia iso, en maio dese mesmo ano foi detida cando intentaba pasar a Francia con Sarrau e condenada en firme a doce anos de prisión.

A represión deixou fonda pegada no seu corpo e en 1950 extírpanlle un ril no hospital de Barcelona, de onde sae despois de case tres meses coa idea de morrer na propia casa. A pesar do trágico pronóstico, Joaquina consegue superar a situación e en 1953 preséntase para cumprir os tres meses de condena que lle quedaban conseguindo en 1954 a liberdade condicional. Dous anos despois pasa a Francia conseguindo o estatuto de asilada política.

En 2006 regresa a Barcelona e o 1 de abril de 2007 é unha das trinta mulleres que recibiu en Santiago de Compostela a homenaxe ás vítimas da represión franquista organizada pola Con-

sellaría de Cultura da Xunta de Galiza. O seguinte ano a súa testemuña sentirase nas xornadas *Mulleres con memoria. Exilios Femininos*.

Placeres Castellanos

O levantamento militar de 1936 deixou pegada trágica na familia de Placeres Castellanos (Pontecaldelas 1896 - Vigo 1971). O seu fillo, Vítor Jesús, foi asasinado con 19 anos nada máis iniciarse a represión e o ano seguinte do golpe mataron tamén ao seu home o mestre e sindicalista Vítor Fraiz. Vicente e Moncho, outros dous fillos da parella, tamén serían represaliados con morte polo fascismo.

Placeres participa en Valencia en Solidariedade Antifeixista Galega e, despois do triunfo do golpe, marcha para Francia onde pasa por campos de internamento e entra en contacto coa Resistencia Francesa encargándose de labores de apoio aos presos en Ariège. «O aparato organizativo dos maquis solicitoulle un maior compromiso, o que implicaba máis responsabilidade e un incremento considerábel dos riscos. Pasou a ser a guerrilleira de enlace da III Brigada de Guerrilleiros da forza FFI (Franc Tireurs de l'Interieur) co número 35435. Actuar de enlace entre os guerrilleiros non era doado: había que ser discreta e controlar en todo o momento os nervios. Calquera imprudencia podía custarlle a vida a ela mesma, ademais de pór en perigo a dos compañeiros. Moito valor e sangue frío había que ter para superar, sen erguer a máis mínima sospeita, os numerosos controis que os nazis montaban na Francia ocupada. Foi testemuña da crueldade dos nazis cara á poboación civil francesa e de como os alemáns torturaron e asasinaron persoas por simpatizar coa Resistencia», relata Elsa Quintas, autora da biografía de Placeres Castellanos na colección *Mulleres de A Nosa Terra*.

«Aínda que se mantiña activa e coa mente ocupada mentres combatía o fascismo, non esquecía o que lle fixeran aos seus nin esquecía que en Galiza ficaban desamparadas e orfas as súas fillas e fillos. Combateu o fascismo por ideoloxía e compromiso político e colaborou coa Resistencia francesa co convencemento e, sobre todo, coa esperanza de que Franco caese con Hitler e Mussolini. O tempo veu a defraudar esta esperanza de poder regresar a Galiza», engade a biógrafa de Placeres Castellanos.

6. As artistas atravesan o ámbito público

Con motivo do centenario da fundación das Irmandades da Fala, que se conmemorou no ano 2016, a AS-PG e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda publicaron na rede un Almanaque que reparou tamén na presenza incipiente e, na maior parte das ocasións, convencionais, das mulleres no mundo da arte. No seu achegamento ás pintoras de fins do século XIX e comezos do XX, recollen un artigo dos Estatutos da Sociedade Económica de Santiago de Compostela que deixa á vista á feitura da formación artística para as mulleres: 'Se les enseñará con preferencia el dibujo de adorno, como más necesario a las labores de su sexo, quedando no obstante en libertad la que quiera dedicarse al dibujo natural previo consentimiento de sus padres o encargados'.

O artigo mostra, ás claras, os condicionantes da formación para as mulleres tamén no ámbito artístico no que se impuñan uns cánones tradicionais e conservadores conformes co papel das mulleres destinado a reinar no mundo doméstico. Presupoñíase das artistas, polo tanto, unha correcta execución de obras convencionais como retratos, paisaxes ou bodegóns. A Sociedade Económica de Santiago de Compostela, a Academia Provincial de Belas Artes da Coruña, As Escolas de Artes e Oficios e as bolsas das Deputacións, ás que, como logo veremos se acolleron artistas como Julia Minguillón ou Maruja Mallo, eran as posibilidades oficiais de formación de mulleres que mostraban intención de se converteren en artistas. Completábase o abano de posibilidades con outras opcións como o Recreo de Artesáns de Ourense, o Círculo de Belas Artes de Lugo, o Círculo Católico de Obreiros de Ourense, o Recreo Artístico de Vigo, o Círculo de Artesáns da Coruña a Sociedade Amigos da Paisaxe Galega ou a Sociedade Amigos da Arte de Santiago de Compostela.

No reconto dos nomes de mulleres do fins do XIX e comezos do XX achega o Almanaque a seguinte relación da que, neste tema, nos achegaremos máis polo miúdo a algúns dos principais nomes: Carmen Babiano (Santiago de Compostela 1852), Carmen Rodríguez de Legísima (Piñor 1858), Elvira Santiso (Betanzos 1872), Elina Molins (Vigo 1875), Oria García Ramírez (Oria Moreno) (Cebreros 1881), Elena Olmos (A Coruña 1899), Juana Brocos (Santiago 1889), María Corredoyra (A Coruña 1893), Maruxa Mallo (Viveiro 1902), M^a Dolores Díaz Baliño (A Coruña

1905). Xulia Minguillón (Lugo 1906), Concha Vázquez (Santiago 1906), María Antonia Dans (Oza dos Ríos 1922), María Victoria de la Fuente (Vigo 1927), Mercedes Ruibal (Santo André de Xeve 1928).

Arredor de oitenta nomes de mulleres aparecen nas exposicións colectivas e destaca a súa participación nas Exposicións Rexionais celebradas na primeira parte do século XX. Algunhas desta mulleres como Elvira Santiso, Juana Brocos, Oria Moreno, María Corredoira e Dolores Díaz Baliño impartirán tamén aulas de pintura, participando na formación de novas xeracións de creadores e creadoras.

O historiador Fernando Pereira analiza no artigo «Mulleres pintoras na arte galega (segunda metade do século XIX e primeiro terzo do século XX). Unha historia de invisibilidade», a desaparición dos nomes de mulleres nos libros de referencia de arte do seu tempo e as condicións sociais, económicas e culturais que situaron demasiado baixo o teito de cristal para as mulleres no mundo da arte. «Hai, por outro lado, escaseza de estudos sobre unhas pintoras que sistematicamente foron ignoradas por unha historiografía interesada fundamentalmente en recoñecer, dentro deste período, os fíos que conducen directamente á grande evolución artística producida polas vangardas históricas. A Arte non é neutra e a Historia da Arte institucional contribuíu a reforzar a exclusión das mulleres como creadoras».

As limitacións das mulleres mesmo á hora de participar en espazos públicos limitaba tamén a súa dimensión artística. Lembremos, por exemplo, que a artista Maruxa Mallo, nacida en 1902, converteuse nun referente de transgresora ás normas por ter ocupado espazos artísticos e sociais nunca antes abertos a mulleres. Xa nos anos vinte, Mallo mostraba a súa irreverencia coas normas e participaba en festas nocturnas coa nova intelectualidade do seu tempo, asistía a tertulias culturais ou visitaba bares que até entón estaban pechados ás mulleres. Ela era tamén a única muller que asistía ás aulas da Escola de San Fernando sen ir acompañada.

«Que as circunstancias da vida das mulleres condicionaron a súa produción artística parece facilmente demostrable. A gran diferenza entre uns e outras é a liberdade. Eles podían entrar e saír de todo tipo de locais, ser bohemios, viaxar sos ós centros nos que se fraguaba a moda artística do momento, vivir a fondo, etc. Elas, que non tiñan acceso a unha vida libre no ámbito público, tiveron que conformarse co reduto do fogar, o círculo de amizades e as tertulias en casas privadas onde poñerse ó corrente das teorías xa debatidas nos cafés», sinala Fernando Pereira.

Para nos achegar á evolución da presenza das mulleres no mundo da arte, non só aos seus inicios senón tamén á situación actual, é especialmente recomendábel o especial do *Álbum de mulleres* de «Artistas visuais galegas» que ofrece un amplísimo compilatorio de artigos, documentacións e ligazóns que recollen boa parte do publicado e accesíbel arredor do lugar das mulleres no campo das artes visuais na súa historia e no presente, pasando por xornadas, artigos, catálogos, relación de nomes de artistas con referencias na rede...

No índice atoparanse, entre outros, apartados sobre a actualidade das artistas en Galiza, documentos históricos ou de interese ou relación de artistas visuais galegas.

O especial de artistas visuais pódese consultar na seguinte ligazón: http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=198

Unha exposición celebrada en 1995 constitúe referencia obrigada para a revisión da presenza das mulleres na arte galega e supón un importantísimo chanzo para a súa visibilización. A mostra co elocuente título de *A arte inexistente. As artistas galegas do século XX* foi aberta no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela e estivo comisariada por Rosario Sarmiento e sobre ela publicouse un catálogo que incluía textos de María Luísa Sobrino e Estrella de Diego. No catálogo, obra necesaria á hora de botar luz sobre as mulleres artistas, ademais de facer un percorrido polas artistas do século XX incorpóranse estudos e documentos de grande interese para o tema. Parten das artistas que desenvolveron a súa traxectoria no inicio de século como Carmen Babiano, Elvira Santiso ou María Corredoira para avanzar co tempo até reaparar, por exemplo, no momento álxido da arte galega que supuxo o Movemento Atántica nos anos oitenta cun nutrido grupo de artistas –variable segundo as distintas exposicións– entre os que só aparece un nome de muller: Menchu Lamas. O catálogo pode consultarse integramente neste pdf: http://www.culturagalega.org/album/docs/a_arte_inexistente.pdf

Algo máis de vinte anos despois, en 2016, Rosario Sarmiento abre no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), a exposición *Mulleres do silencio. De Maruxa Mallo a Ángela de la Cruz* que constitúe unha revisión e unha prolongación da mostra do auditorio, traendo a liña do tempo até os nosos días.

A seguir, achegámonos máis polo miúdo a algúns dos principais nomes de mulleres que foron pioneiras á hora de abrir camiños no mundo da arte:


Carmen Babiano (Pontevedra 1854-Pontevedra 1914)

A artista Carmen Babiano Méndez Núñez formaba parte da aristocracia pontevedresa que vía con bos ollos a formación artística e musical das súas mozas. Alumna do pintor catalán e profesor do instituto Ramón Vives, Babiano participaría en numerosas mostras artísticas como a Exposición colectiva de pintura do Instituto de Bacharelato de 1870, a Exposición Rexional de Santiago de 1875, a da Coruña de 1878. Mais sería na Exposición Rexional de Pontevedra de 1880 na que a pintora mostre a súa dimensión como artista con tres retratos e varios debuxos e, en especial o cadro *As pitas* no que recrea unha nena dando de comer ás galiñas, obra pola que sería premiada no certame.

Colaborou Babiano tamén con *La Ilustración Gallega y Asturiana* e coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Malia a súa formación, o matrimonio co médico Víctor Mendoza en 1882 –que sería despois alcalde de Pontevedra– afastaría a artista do espazo máis público da creación plástica que pasa a desenvolver só no ámbito privado. Do seu traballo creativo queda pegada nas máis de 130 obras que forman parte da colección do Museo de Pontevedra, entre as que se atopan óleos e debuxos. A pesar do seu abandono da faceta social da pintura e da desaparición

do seu nome do ámbito público creativo, a partir de 1894 Carmen Babiano colaborará coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra con varios debuxos da cidade.

As tertulias e as sesións musicais converteron a casa de Carmen Babiano nun lugar de referencia para a cultura da cidade. Xunto coa pintura, a súa afección á música –á que se achega pola instrución da súa propia avoa Tomasa Núñez– levouna a dar varios concertos de canto, a animar a carreira de Manuel Quiroga e a gozar da admiración de casto Sampedro. Neste ambiente cultural medrarían as súas filas María e Concepción Mendoza Babiano, coñecidas na cidade pola súa modernidade e carácter irreverente.



Maruxa Mallo

Da súa condición de avanzada, de adiantada ao seu tempo, facía gala a artista Maruxa Mallo (Viveiro-1902- Madrid 1995), que se definía a si mesma como membro do grupo das «sinsombreiristas», é dicir, as que ousaron tirar o chapeu da cabeza e mostrar o cabelo ao aire.

As memorias de Maruxa Mallo, cando na vellez regresa do seu exilio, están sementadas de anécdotas que falan do seu carácter atrevido, da súa vontade de sorprender de cando era nova no Madrid anterior ao levantamento militar. Gañar no disputado concurso de blasfemias ou entrar en bicicleta nunha misa maior na igrexa de Arévalo eran algún dos episodios que ela relatava para dar conta da súa condición de «moderna» dos anos vinte e trinta.

Tamén é esa forma transgresora de ser a que explica, en certa maneira, que a súa figura desapareza das memorias dos compañeiros da súa xeración. No entanto, na obra memorialística de Concha Méndez *Memorias habladas, memorias armadas* escrita pola súa neta Paloma Ulacia Altolaguirre a través de conversas con ela repítense as historias que Mallo tanto mentaba.

«Foi unha muller fora da súa época, tiña unha independencia total. A súa foi unha vida libre e por iso resultaba tan molesta», dicían dela Eugenio Granell e Amparo Segarra mentres lembraban unha muller vestida de cores e andando en bicicleta no Madrid de entusiasmo republicano.

Maruxa Mallo nacera en Viveiro en 1902 mais en 1922 trasládase a vivir a Madrid, despois de pasar por localidades como Corcubión ou Avilés, polo traballo do pai no servizo de aduanas.

A artista é a única muller que na súa convocatoria aproba o exame de ingreso na Academia de Belas Artes de San Fernando e é a única que non vai acompañada ás aulas. Alí coñece a Salvador Dalí e participa nas festas dos barrios da man do xenial grupo de artistas entre os que se

atopan Bergamín, Benjamín Palencia, Federico García Lorca ou Luís Buñuel. A súa imaxe aparece, para dar conta da súa vida de festa, no óleo de Salvador Dalí, «Soños sonámbulos», no que Maruxa Mallo aparece nunha longa noite de troula polas rúas madrileñas acompañada de Luis Buñuel, Rafael Barradas e o propio Madrid.

Tamén é adiantada á hora de ocupar espazos para a súa arte. Ao chegar a Madrid manda obra para a Exposición e Arte Galega e en 1926 convértese en borseira da Deputación de Lugo, onde deposita a súa famosa «Guía postal de Lugo» (1929). A súa primeira mostra individual realízase en 1928 nas salas de Revista de Occidente, sendo a primeira vez que se abren para unha exposición plástica.

«Maruxa Mallo, que propuña liberar as reaccións primarias, a espontaneidade, dicía que todos eses bos tratos e bos costumes non eran máis que mala educación. Dicía que o colexio nos condicionaba a ser uns hipócritas», lembra Concha Méndez da artista. Daquel tempo é a intensa relación que manterá con Rafael Alberti mais, mesmo así, o seu nome cae das súas memorias *La arboleda perdida* e só en 1977, cando faga reconto da súa vida, retomará aquel episodio laiándose dun esquecemento nada gratuito: «Sucede que se cunha nube de olvido se tapa a memoria ela non é culpábel do que non lembra, mais se o olvido é deliberado, se se expulsa dela o que non se quere por covardía ou conveniencia, Oh!».

En 1932 viaxa a París, cidade que a apaixona mais, mesmo conseguindo o aplauso de André Bretón decide volver a Madrid e participa nas Misións Pedagóxicas, movemento que daquela se asimilaba á súa pintura que pedía muros para se facer pública con series como a «Relixión do traballo».

O golpe militar colle a Maruxa Mallo en Galiza, onde fora enviada pola República xunto co seu compañeiro, o líder sindicalista Alberto Fernández Mezquita co que asistía a mitins e actos políticos. Decide fuxir e faino por Lisboa, atravesando a fronteira de Tui. En 1937 embarca no vapor Alcántara rumbo a Bos Aires grazas ao apoio da escritora e embaixadora Gabriela Mistral.

Os seus éxitos en París ábrenlle as portas de Buenos Aires. Alí convértese nunha exiliada de excepción desde onde asina un artigo en catro entregas que sairá publicado en *La Vanguardia* de Barcelona en agosto de 1938 no que denuncia a represión en Galiza co título «Relato veraz de la realidad de Galicia».

Despois dun tempo de exilio en América decide en 1961 regresar a Madrid. Leva 25 anos fóra só interrompidos pola participación coa obra *A cervo humana* na primeira Bienal Hispano Americana de arte. Despois de 1965 instálase finalmente en Madrid, unha cidade da que di: «Os meus amigos estaban enterrados ou desterrados e eu soa no hotel Palace e as galerías cheas de pintura informalista que é un estilo totalmente fascista».

A serie *Moradores do baleiro* porá punto final a unha obra que, como dicía Luís Seoane, precisaba «desconxelarse» despois do longo exilio. Só en 1980 exporía por vez primeira en Galiza, na galería Citanea nunha mostra que sería presentada por Ramón Piñeiro. En 1993 o Centro Galego de Arte Contemporánea abriríase cunha exposición antolóxica da súa obra.

Recursos audiovisuais

Documental dirixido por Antón Reixa: *Maruja Mallo. Metade anxo, metade marisco*.

<https://www.youtube.com/watch?v=gp-eQxGklyQ&t=716s>

Documental: *Las sinsombrero*

https://www.youtube.com/watch?v=3HCfe__C7Eo&t=1508s

Video. Fragmento da entrevista «A Fondo»- TVE 1980.

<https://www.youtube.com/watch?v=DGo5luoZl98>

Sinsombrerismo. h.1925. De Maruja Mallo y Concha Méndez.

Laboratorio de Creaciones Intermedia

<https://www.youtube.com/watch?v=ol3rNPvyyik>

A rede está inzada de proxectos e iniciativas particulares creadas arredor da vida e a obra de Maruja Mallo como esta montaxe sobre os seus cadros:

<https://www.youtube.com/watch?v=l1g8Fg2YgCc>

Ou este Holograma Maruja Mallo

<https://www.youtube.com/watch?v=OMloneFdDig>

Lolita Díaz Baliño

Lolita Díaz Baliño (A Coruña, 1905-1963) fórmase na Escola Oficial de Artes e Oficios da Coruña e á beira do artista Sotomayor mais ten na propia casa o primeiro dos profesores de arte, o seu irmán Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, paseado en 1936. Pola contra, o nome de Lolita Díaz Baliño aparece aliñado co franquismo.

Desde 1926 que participa na exposición de Santiago, a súa obra pódese ver en varias exposicións como a de artistas locais da Coruña de 1929, a de Amigos da Arte de Santiago de 1930, a de artistas femininas da Coruña de 1934 ou no I Certame do Traballo de Galicia en Ferrol en 1935 no que consegue o terceiro premio. Colaborou ademais en publicacións como *Céltiga* (Buenos Aires), *Galicia Gráfica* (A Coruña), *Mariñana* (Sada), ou *Galicia* (Madrid). Pola súa escola pasaron algúns nomes relevantes da arte galega como María Antonia Dans ou María Elena Gago.

Con María Corredoyra foron as dúas únicas mulleres que se atopaban no grupo fundacional da Asociación de Artistas da Coruña en 1934 e, catro anos despois, os seus nomes repetiríanse ao seren as únicas mulleres que formaron parte da Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario nos anos setenta.

Participou na primeira mostra de mulleres pintoras da Asociación de Artista e expuxo a súa obra en Madrid, Barcelona ou A Habana. Foi unha grande debuxante e tamén acuarelista.

M^a Antonia Dans

Natural de Oza, M^a Antonia Dans (Oza dos Ríos 1922 - Madrid 1988) trasládase desde moi nena a Curtis onde se atopa co mundo rural que deixará pegada na súa obra. «Aínda que orgullosa destas orixes, isto non impediu que María Antonia fose unha muller adiantada ao seu tempo, capaz de asumir o reto dunha modernidade e unha independencia que apenas se lle permitía a unha muller no panorama da posguerra española», sinala a profesora María Luísa Sobrino que foi alumna na Coruña de Lolita Díaz Baliño.

Na cidade abre estudio mais, por volta de 1952, trasládase co seu home en Madrid, onde se instalará de maneira definitiva, sen perder o contacto con Galiza. «M.^a Antonia loita en Madrid por conseguir un nome. Mergullada neste contexto artístico protagonizado nos anos cincuenta pola abstracción que significou a bandeira da modernidade para as novas xeracións, ela opta por un tipo de pintura figurativa e paisaxística», explica Sobrino, despois de destacar a súa admiración por Benjamín Palencia, o artista que se atopa coa paisaxe de Castela. As cores impóñense nas súas obras que teñen, segundo a crítica, «unha elementalidade formal un tanto naif e primitiva».

As súas obras atópanse en museos e coleccións particulares como o Museo de Belas Artes da Coruña, o de Arte Contemporáneo de Madrid, o de Buenos Aires, ou na colección do ducado de Alba.

Xulia Minguillón

Do tempo que viviu cuns tíos en Burgos e Valladolid, nacen os inicios na pintura de Xulia Minguillón, (Lugo 1906 - Madrid 1965) que foi autora, entre outras obras, da célebre «A escola de Doloriñas».

Como Maruxa Mallo, tamén Xulia Minguillón fora bolseira da Deputación de Lugo, o que lle permitirá ir a Madrid e iniciar os estudos oficiais, primeiro de escultura cambiando logo á pintura e tendo como mestres a Cecilio Pla e Manuel Benedito.

Despois do golpe militar, Minguillón regresa á casa familiar de Vilanova de Lourenzá mais a súa familia, vinculada coa dereita, non corre perigo de ser represaliada. Xulia casa en 1939 con Francisco Leal Insua, redactor-xefe de El Progreso. Instálanse en Lugo, cidade na que



Miguillón participa activamente na súa vida cultural ata que, polos destinos do home, a familia trasládase de Lugo a Vigo e, despois, Madrid, cidade na que Leal Insua se converte en xefe de redacción de Mundo Hispánico.

En 1965 Minguillón morre despois dunha dura enfermidade e é enterrada en Madrid.

Na súa época de grande actividade Xulia Minguillón convértese en retratista de figuras do seu tempo, da elite da sociedade daquela, mais será a obra *A escola de Doloriñas* a que a converterá nunha recoñecida artista non só xa en vida senón que será tamén a referencia máis clara da autora. A obra fai de Miguillón a única muller que obtivo a primeira medalla de Primeira Clase nunha Exposición Nacional de Belas Artes, a convocatoria oficial do réxime franquista na que participaban artistas afíns ou, cando menos, non incómodos para os triunfadores do golpe militar. Neste sentido, a traxectoria persoal e política de dúas artistas como Xulia Minguillón e Maruxa Mallo difire inmensamente. En 1948 conseguiu o Primeiro Premio do Círculo de Belas Artes de Madrid coa obra *Xuventude* e a súa obra expúxose en Berlín, Venecia, Buenos Aires e Lisboa.

Mercedes Ruibal

Na parroquia pontevedresa de Xeve (Pontevedra 1928-Madrid 2003) unha das principais figuras da arte galega do século XX. A artista e escritora Mercedes Ruibal viu a luz en 1928, nunha casa na que a creatividade se espallaba a través da sensibilidade do pai, ex-seminariasta que contaxiaba paixón polos clásicos e os versos de Rosalía e Cabanillas e da sensibilidade da nai, Yoya, que se daría a coñecer como pintora naif cando tiña setenta anos. O dramaturgo Xosé, a cantante e poeta Ánxeles e a propia Mercedes herdán esa paixón creadora que se vivía naquela casa pontevedresa.

De nova, viaxa a Buenos Aires, cidade na que reside o seu irmán Xosé e na que achega aos círculos intelectuais e artísticos. Alí atopa o maxisterio de Laxeiro, que impulsa a súa primeira exposición aberta en 1956 na que a súa influencia fica á vista. Coma no artista de Lalín, a obra de Ruibal saía «do máis profundo do seu ser» que coincidía na mesma idea dunha obra valente que deixara ver as «feras e os anxos que viven dentro de si».

«Empecei a pintar moi cedo. A miña aprendizaxe consistía en copiar a realidade: uvas, mazá, cereixas, pero adoitaba comerme a froita e pintar o que me daba a gana», comentoulle das súas orixes na arte a súa sobriña a escritora e xornalista Graciela Baquero. Regresa un ano despois de expoñer por vez primeira a Vigo onde mostra de novo a súa obra e consegue os cartos necesarios para se trasladar a Madrid, cidade na que se fascina coa obra de Velázquez, o Bosco e, en especial, de Goya. Entra tamén en contacto coa intelectualidade que frecuentaba o Café Gijón, entre a que se atopaba a artista M^a Antonia Dans ou o médico humanista natural de Pontevedra, José Luís Barros. Daquel tempo nace a célebre definición que lle dedicou José María Moreno Galbán pola súa destreza no uso de tacos: «a muller máis ben malfalada».

En 1959 casa co arquitecto e artista Agustín Pérez Bellas co que forma unha parella coñecida nos ámbitos intelectuais pola súa intensidade vital e polo seu compromiso político na militan-

cia no PC. Viven dacabalo entre Vigo e Madrid, onde expón en repetidas ocasións, e nos anos setenta montan estudio en Roma, cidade na que entablan amizade co poeta Rafael Alberti e a escritora M^a Teresa León. De Alberti é o poema «Mercedes Ruibal, pintura en versos para cantar con gaita gallega» dedicado á amiga pintora á que describiu como «bruxa, audaz, disparatada, criatura excepcional e testemuña dunha época que ela soubo reflectir como moi poucos». O escrito de Alberti insírese no catálogo da exposición antolóxica que se abrirá en Vigo en 1993, o poeta lamentaba entón a falta de persoas queridas e non era difícil adiviñar a referencia a Agustín Pérez Bellas, morto en 1982 que some á pintora nunha depresión da que sae pintando con paixón cadros escuros e dramáticos.

«Pinto porque sinto a necesidade de facelo, de me expresar, como quen canta ou como quen escribe», dixo na entrevista que a escritora Úrsula Heine recolleu no seu libro *Mulleres*. Interesáballe captar a figura humana e dar conta do tempo que viviu e por iso o seu compromiso queda á vista na denuncia que fai das atrocidades cometidas en Vietnam, no cadro *Con Chile no Corazón* ou nunha das súas series finais titulada *Bosnia*. Procuraba, malia iso, estampar unha flor nos seus cadros tráxicos como maneira de imprimir a esperanza no medio da desolación.

«Considérome unha representantes do meu tempo, da época na que vivo como todos os artistas, como todas as persoas que nos dedicamos a expresar sentimentos e ideas», dicía Mercedes Ruibal como expresión da súa maneira de estar no mundo, dunha linguaxe propia que construíu a través da súa traxectoria artística. A artista dicía que, de non pintar, posibelmente se tería dedicado a escribir e desa faceta queda o singular libro *Confesiones de una volatinera con bragas de respuesto al dorso* (1978) e o poemario *Y mi voz es tu nombre* (1986), que nace da ausencia de Pérez Bellas

Bibliografía

- LÓPEZ SOUTO, África. *Mulleres que (nos) dan que pensar*. Vigo, Galaxia 2019.
- BLANCO, Carme. *Literatura galega de muller*. Vigo, Xerais, 1991.
- COLECTIVO M^a CASTAÑA. *As Mulleres na Historia*. Ed. Xerais, Materiais, Vigo. 1997.
- GRAÑA PÉREZ, Beatriz. *Voces da memoria: Galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista*. Premio Xohana Torres. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. 2002.
- MANGINI, Shirley. *Las modernas de Madrid: Las grandes intelectuales españolas de la vanguardia*, Madrid, Ediciones Península, 2001.
- MARCO, Aurora. «As precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936)». *La Voz de Galicia*, 1993.
- Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*. Sada, Edicións do Castro, 2002.
- Dicionario de Mulleres Galegas*. Vigo, A Nosa Terra, 2007.
- Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Santiago, Laiovento, 2011.
- RODRIGO, Antonina. *Mujeres para la historia*. Barcelona, Carena, 2003.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Anair; DÍAZ, Nuria. *Pioneiras I e II*. Vigo Edicións Xerais, 2018 e 2019.
- SARMIENTO, Rosario. *A arte inexistente*. Santiago de Compostela, Auditorio de Galiza, 1995.
- Colección Mulleres de A Nosa.
- Colección Mulleres Bravas da Nosa Historia.
- Colección Mulleres Galegas, Polo Correo do Vento.

Dixital

- Album de Mulleres* (Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega):
<http://culturagalega.gal/album/>
- Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra* (Concello de Pontevedra):
<https://www.dogrisaovioleta.gal/>
- A Coruña das Mulleres*. Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. <https://acorunhadasmulleres.gal/>

